

**Revista de
Estudios Miñoráns**

Nº 14-15 | 2016



IEM (Instituto de Estudos Miñoráns)

Redacción e administración:

Aula de Cultura “Ponte de Rosas”

Avda. da feira 10, baixo

Apartado 30, 36380, Gondomar

Tel: 986 360 575

e-mail: direccion@minhor.org

Web: www.minhor.org

| | |
|---------------------------------------|---------------------------------|
| Director: | Xulian Maure Rivas |
| Asesoramento lingüístico: | Miguel Anxo Mouriño |
| Deseño de cabeceira: | Fernando Pol (+) |
| Ilustración da cuberta: | Lula Goce |
| Fotografías: | Dos autores e do arquivo do IEM |
| Deseño da capa: | Xosé Manuel Fachal |
| Deseño interior e maquetación: | Juan Chamorro |

Imprime: Sacauntos. Santiago de Compostela

ISSN 2340-2644

Depósito Legal: 117-2016



Revista de Estudos Miñoráns é unha publicación anual do IEM

As opinións dos artigos non reflicten necesariamente as do Instituto de Estudos Miñoráns e son responsabilidade dos autores.

Pódese reproducir total ou parcialmente, sempre que se cite a procedencia.

Índice

| | |
|--|----|
| NOVO LOGOTIPO DO INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS | 7 |
| Mínima xustificación para un novo logo | |
| Fino Lorenzo..... | 9 |
| | |
| ACHEGAS..... | 13 |
| | |
| Miñor: o nome do río de do val | |
| Gonzalo Navaza..... | 15 |
| | |
| O moderno debate sobre a romanización | |
| Gerardo Pereira-Menaut..... | 23 |
| | |
| Viño de Aragón libre de impostos para o mosteiro de Oia (Sentenza en Baiona, 22 de novembro de 1434) | |
| Xulián Maure Rivas..... | 41 |
| | |
| Amor divino e amor mundano: a experiencia das mulleres casadas e das viúvas en relixión. Os “beaterios” e conventos de Galicia nos séculos XV- XVIII Título | |
| Ofelia Rey Castelao..... | 51 |
| | |
| Noticias inéditas da aldea de San Cosme | |
| Anxo Rodríguez Lemos..... | 77 |
| | |
| Frei Manuel M^a Martínez O.P., O baionés defensor de Bartolomé de las Casas | |
| Antonio Valverde Alonso..... | 85 |

| | |
|--|-----|
| O padrón de 1930 do municipio de Tomiño: problemáticas para os estudos da emigración. | |
| Natalia Jorge Pereira | 93 |
| Equus ferus Atlanticus. As burras do monte da Serra da Groba | |
| Xilberte Manso | 107 |
| Os fentos do Val Miñor | |
| Alfredo López Fernández | |
| Afonso Rodríguez González | |
| Xosé Ramón García Martínez | 137 |
| ESPECIAL ARTE | 175 |
| Tempo fuxitivo | |
| Lula Goce..... | 177 |
| O MEU VAL MIÑOR | 183 |
| Torrente Ballester, fantástico realista | |
| Ramón Chao..... | 185 |
| 3+3 | |
| Anxo Ratel | |
| Fino Lorenzo..... | 189 |
| As cruces da Volta dos Nove | |
| Un poema visual antifascista | |
| Xosé María Álvarez Cáccamo | 197 |
| Poemas da Mariña de Miguel Anxo Mouriño | |
| Marta Dacosta Alonso | 203 |
| Obradoiro de creación literaria Victoriano Taibo: | |
| Desenvolvendo o nobelo | |
| Marta Dacosta Alonso | 209 |
| AS NOVAS DO IEM | 215 |
| CATÁLOGO DE COLABORADORES E COLABORADORAS | 229 |

NOVO LOGOTIPO DO IEM

- *Mínima xustificación para un novo logo*

Mínima xustificación para un novo logo

FINO LORENZO



Moitas cousas sucederon nestes quince anos de vida do IEM, unha comunidade cultural moi activa que se define no traballo desinteresado e o compromiso co lugar. Quince anos nos que desenvolveu con acerto todo tipo de prácticas ligadas á recuperación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial do Val Miñor, ademais de dar entrada a novas xeracións de socios e membros colaboradores, acadar unha sede estable e ampliar as súas actividades á rede, amosando a dimensión universal dun labor inscrito no ámbito local.

A idea de renovar o logo non é nova, pois leva anos asomando nas conversas a conta dun folleto impreso, unha charla divulgativa ou calquera outra actividade. En todo caso era menos un problema de imaxe como de falta de criterios ou protocolos no seu uso. E cando o IEM estableceu a súa sede en Gondomar, na Aula Ponte de Rosas, esas carencias fixéronse visibles. Así, dende esa lóxica multidisciplinar que define as súas actividades, axiña foi evidente a necesidade dun novo logo que, ademais de presidir e asinar proxectos e traballos, tentase responder ás moitas cuestións que sobre a imaxe e funcións da institución foron xurdindo nestes últimos anos.

Se cadra vivimos un tempo que estimula a formación de iniciativas que xorden de xeito exponencial aquí e acolá, e abranguen campos, intereses e temáticas moi ricas e diversas. Neste contexto cómpre pensar no IEM como unha referencia inmaterial, estable e aberta, que ofrece visibilidade, apoios, complicidade e compromiso. Así, recoller, acoller, canalizar ou fomentar son accións que expresan moito mellor, coído, o sentido dos traballos e funcións actuais do IEM. Dese xeito, se aceptamos que a perspectiva crea o marco, podemos pensar nun logo que abandona o aire limpo dos cumes, descende das alturas e bota a rodar pola cunca.

Este é o novo logo do IEM. Se cadra unha imaxe con pretensións icónicas para un tempo dixital. Un logo que, con excepcións, prescinde do título completo, Instituto de Estudos Miñoráns, concepto distante

e anacrónico seica, e vén centrarse só no anagrama. É esta unha decisión avalada pola tendencia global imposta pola comunicación nas redes sociais, mais tamén polo necesario achegamento ao uso cotián e coloquial. IEM. O IEM. Unha idea de síntese formal que se prolonga na unificación de figura e texto, -ler a figura, escenificar o texto- o que lle presta maior visibilidade e presenza, sobre todo no pequeno tamaño e no papel impreso. Lonxe da saturada estética que nos abafa, esta proposta, máis núa e austera, máis atenta ao ritmo, vén defender aquela vella tese pola que o ollo, por razóns de economía e eficacia visual, prefire as formas sinxelas e plásticas que integran continente e contido e provocan a interpretación cómplice na mente do espectador.

- *Miñor: o nome do río e do val*
- *O moderno debate sobre a romanización*
- *Viño de Aragón libre de impostos para o mosteiro de Oia*
- *Amor divino e amor mundano: a experiencia das mulleres casadas e das viúvas en relixión. Os “beaterios” e conventos de Galicia nos séculos XV-XVIII*
- *Noticias inéditas da aldea de San Cosme*
- *Frei Manuel M^a Martínez O.P., o baionés defensor de Bartolomé de las Casas*
- *O padrón de 1930 do municipio de Tomiño: problemáticas para o estudo da emigración*
- *Equus Ferus Atlánticus. As burras do monte da Serra da Groba*
- *Os fentos do Val Miñor*

Miñor: o nome do río e do val

GONZALO NAVAZA

RESUMO

Miñor é o nome do río que drena o val homónimo. É un hidrónimo que dá nome á comarca. Aparece testado dende o século X como Val de Miñor ou como segundo elemento de topónimos compostos. Todas as hipóteses apuntan á orixe prerromana de Miñor, quizais como topónimo replicante de Miño. As testacións documentais redundan dende o século XIII na forma Valle Miñor aínda hoxe viva e regaleguizada como Val Miñor na transición.

PALABRAS CHAVE: Miñor, Val (de) Miñor, Valle Miñor, hidrónimo.

ABSTRACT

Miñor is the name of the river that drains the homonymous valley. In addition, a hydronym that gives name to the region. It appears attested since the 10th century as Val de Miñor or as second element of compound toponyms.

All the hypotheses point to the pre-Roman origin of Miñor, perhaps as a replication of Miño.

From the 13th century the documentary attestations insist on the form Valle Miñor, alive nowadays in its Galician version, Val Miñor, recovered in the "transición" of 1976.

KEY WORDS: Miñor, Val (de) Miñor, Valle Miñor, hydronym.

Igual que sucede coa denominación doutros territorios históricos como *Limia*, *Deza* ou *Xallas*, o nome desta terra (*terra de Mineor*, a.1142; *terra de Minor*, a.1179) coincide co nome do seu río principal. O valor hidronímico é sen dúbida o orixinario: o nome do río pasou a aplicarse tamén á comarca e non ao revés. Desde o século XIII a antiga *Terra de Miñor* comeza a denominarse nos documentos tamén *Val de Miñor*, como veremos. O sintagma *de Miñor* usouse igualmente como segundo elemento de topónimos compostos para referirse ás poboacións ou demarcacións situadas no val: a vila e porto de *Baiona de Miñor*, a parroquia de *Santa Cristina de Miñor* (hoxe Santa Cristina da Ramallosa), o señorío de *Gondomar de Miñor* ou a parroquia e partido de *Parada de Miñor*. A esta parroquia de Parada fai referencia a atestación máis antiga que posuímos do hidrónimo: *Parata in ripa de Minor* a.915, onde o grafema <n> corresponde xa a unha nasal palatal /ɲ/ na fala, igual ca outras grafías da documentación posterior en latín e romance como *Mineor*, *Minnor*, *Mignor*, *Mior* etc.

Desde polo menos o século XVII o río Miñor consta nalgunhas fontes, especialmente cartográficas, como río *da Ramallosa* (*Río de la Ramallosa*, *Río de Ramallosa*) na súa desembocadura no esteiro da Foz, coñecida tamén como *Foz da Ramallosa*. Esta denominación alternativa do tramo final do río é irradiación do nome da *Ponte da Ramallosa*, construída no século XIII como parte das infraestruturas viarias promovidas desde Tui polo dominico Pedro González Telmo, San Telmo. A importancia e celebridade desta ponte medieval sobre o río Miñor, cargada ata hoxe de tradicións orais e vinculada a lendas e ritos de fertilidade, provocou unha expansión do topónimo, que pasou a aplicarse tamén a outros accidentes xeográficos inmediatos, incluídas as dúas parroquias unidas pola ponte: os nomes de *Santa Cristina de Miñor* e *San Pedro de Filgueiras* conviviron ata o século XVI cos de *Santa Cristina da Ramallosa* (polo menos desde 1528) e *San Pedro da Ramallosa* (atestado en 1544) ata que finalmente se impuxeron estes últimos. Non foi propiamente unha retoponimización, pois só mudou o segundo elemento do composto, de uso exclusivo en rexistros formais, xa que en ambos os casos o nome principal era o haxiotopónimo, coincidente coa advocación. *Ramallosa* é un adxectivo feminino derivado de *ramallo*, *ramalla* (e este de *ramo*, *rama*), relativo á ‘vexetación’ ou á ‘leña miúda’, un fitotopónimo (Navaza 2006: 461) de orixe latina ou romance, que naceu cando o nome de *Miñor* xa tiña moitos séculos de antigüidade.

Aínda que en moitas fontes se lle atribúe ao curso do río Miñor unha lonxitude de 16 km desde o seu nacemento no norte da Serra do Galiñeiro, na parroquia viguesa de Zamáns, ata a desembocadura na Foz, esa medida inclúe tamén o seu principal afluente, chamado hoxe *Río de Zamáns*. Ao Miñor propiamente dito correspóndelle só a metade dese curso, e tanto no uso local coma na cartografía e na rotulación viaria actuais só recibe o nome de *Miñor* o río resultante da confluencia do río de Zamáns co río das Rasas a carón da Paradela, no núcleo urbano de Gondomar. Na documentación medieval, non obstante, o nome de *Miñor* aplicábase tamén ao actual río de Zamáns, isto é, designaba o curso enteiro, desde a Serra do Galiñeiro ata o mar. Así se constata a comezos do século XII na demarcación medieval do couto de Vilaza, outorgado pola raíña Urraca e o seu esposo Raimundo de Borgoña; nela chámase *Miñor* o río que pasa pola zona coñecida aínda na actualidade como *O Pego Negro*, a carón da estrada que une Gondomar con Vincios: *ad flumen Minoris ubi dicunt Pelagum nigrum* (a.1106). Non sabemos cando se perdeu ese uso, pero no século XVIII xa estaban consolidadas as

denominacións de hoxe: no Catastro de Ensenada (1753) o río chámase *Río de Zamáns* nese mesmo lugar: *otro al sitio Pego negro (...) muele con agua corriente del expresado rrio de Samanes* (a.1753, CME, Vincios, Interrog. 17^a).

O hidrónimo *Miñor* ten orixe prerromana. É o habitual na hidronimia, especialmente a que denomina ríos de certa importancia, que polo regular conservan os seus nomes prehistóricos. Nas atestacións medievais en latín do nome deste río pode haber coincidencia homográfica co adxectivo latino *mīnōr*, ōris ‘menor’, pero debemos desbotar a posibilidade de que sexan a mesma palabra. Tanto o resultado actual *Miñor* como a constante presenza de *i* na primeira sílaba en todas as atestacións medievais esixen un étimo con *ī* longo, e o dese adxectivo latino era breve (de aí o resultado en *e* de *menos* ou *menor*); ademais, a propia sintaxe desas atestacións, co hidrónimo en xenitivo ou con preposición (*flumen Minoris* a.1106, *riuum de Minor* a.1149) non se corresponde coa esperable se se tratase dun adxectivo latino. A vogal tónica de *Miñor* realízase hoxe maioritariamente con *o* aberto /ɔ/, o que podería levar a supoñer un étimo con /ō/ breve, pero nese contexto fónico o topónimo tamén pode proceder dun étimo con *ō* longo.

Véñse aceptando comunmente entre os especialistas que o hidrónimo *Miñor* ten relación etimolóxica co nome do río *Miño*, o principal dos ríos galegos, do que só se diferenciaría pola súa terminación *-or*. Para *Miño*, documentado como *Minius* nas fontes clásicas, propuxéronse moi variadas etimoloxías, examinadas por Moralejo Álvarez (2004: 203-216 e 2007: 257-279). Hans Krahe (1949-1950: 256 e 1964: 98) incluíu o nome do Miño, xunto cos doutros ríos de Europa (galo *Moenus*, hoxe *Main*, inglés *Meon*, irlandés *Maín*, *Maoin*, polaco *Minia* e *Mianka*, lituano *Minija*, italiano *Mignone*...) como representantes dun antigo tema hidronímico formado mediante un alongamento nasal a partir da terceira das raíces indoeuropeas **mei-* establecidas por Pokorny (IEW 710.3), a que significa ‘camiñar, ir’. Desde entón, esa é a etimoloxía máis aceptada: *Mei-n-io* > *Min-io* > *Miño*. Carlos Búa, non obstante, advirte que o *Minius* con que aparece o hidrónimo galego nas fontes clásicas podería ser a latiniización dunha forma indíxena **Mni(o)*, explicable tamén a partir da raíz indoeuropea **ab-* (IEW 1) ‘auga’ (apud Moralejo Álvarez 2007: 278). Sexa como for, non parece haber dúbida da orixe indoeuropea do nome do Miño. Krahe advirte que a dispersión xeográfica dos hidrónimos da raíz **mei*, localizados en áreas célticas, itálicas e eslavas, obriga a supoñelos pertencentes ao máis antigo estrato indoeuropeo, o que el denominou *alteuropäisch*, paleoeuropeo.

Polo que respecta á terminación *or*, que diferencia *Miñor* de *Miño*, non parece haber dúbida de que se trata dun sufixo. Villar Liébana ten explicado moitos topónimos prerromanos en *or* e *ur* da península e de fóra dela a partir dun elemento hidronímico que remonta á raíz **ūra* ‘auga’ (Villar 2000: 191-208), o que levaría a considerar como compostas, e non derivadas, as formas en que está presente. Con todo, debemos desbotar para *Miñ-or* esa posibilidade, pois ao estar a vogal dese elemento en posición tónica esperaríamos un resultado en *-ur* que se contradí con todas as atestacións antigas de *Miñor*. A terminación *or* ha de ser, xa que logo, un sufixo. Desbotado o ōr latino e o seu correspondente romance, que só forman derivados substantivos a partir de verbos ou ocasionalmente de adxectivos (*cantor*, *reitor*, *sabor*, *grandor*), temos que inclinarnos por un sufixo tamén prerromano *or* (ōr segundo Bascuas), presente noutros hidrónimos europeos e ben representado no occidente hispánico, coma nos nomes dos ríos

Sabor (< medieval *Salabor*), *Salor*, *Onor*, etc. Tanto Moralejo Álvarez (2007: 279) como Bascuas reparan no rendemento deste sufixo *or* na hidronimia paleohispánica e advirten que moitos dos hidrónimos en que está presente parecen formar parella alternante con hidrónimos idénticos pero derivados en ón (ríos *Sabor* e *Sabón*; *Salor*, *Salón* e *Jalón*; *Ibón* e *Ibor*; *Lidón* e *Lidor*, etc.). Bascuas, que chega a sospeitar que «talvez teñamos aquí unha pervivencia da arcaica declinación indoeuropea en *r / n*», explica *Miñor* a partir de *Miño* con ese sufixo (2015: 225), pero non aclara se o étimo que propón é **Min-or* ou con dobre sufixación **Min-i-or*. Neste segundo caso, de acordo coa mencionada alternancia, o noso *Miñor* tería correspondencia co nome do río que aparece mencionado como *Minionem* en Virxilio (*Eneida* X, 183), na Etruria, hoxe *Mignone*.

Moralejo Álvarez propón outra hipótese etimolóxica para *Miñor*. Para *Miño* acepta a explicación de Krahe e inclúeo entre os hidrónimos galegos que poden adscribirse ao estrato paleoeuropeo (Moralejo 2007: 336). Cre tamén que *Miñor* é un derivado de *Miño*, mesmo un topónimo replicante de *Miño*, motivado por este, mais aínda que reconece o rendemento que ten na hidronimia o mencionado sufixo *or*, alternativo de *on*, non cre que poida entrar na formación de *Miñor* por razóns morfolóxicas, xa que esixiría no étimo unha sufixación complexa (co sufixo *io* de *Miño* ademais dese sufixo *or*), e considera máis recomendable supoñer que a terminación *or* do nome do río corresponde ao resultado dunha forma de xenitivo dun sufixo diminutivo latino:

*Pero, además de que una alternancia entre las sufijaciones complejas *ior y *ion no parece tan normal, para Miñor hay otra hipótesis más recomendable por su economía. Del antropónimo Pinius el diminutivo o afectivo Piniolus tiene notable documentación medieval y llega hasta hoy en Piñor (seis en toda Galicia), Dompíñor (dos veces) y otras variantes (...), de un poseedor en genitivo *Pinioli. Este conjunto nos sirve de guía para proponer que el Miñor es un *Miniolus, un 'Miño pequeño' que contrasta con el grande y próximo Minius. Así, Miñor supone un genitivo *Minioli que se explica bien si partimos del *Vallis Minioli que se continua hoy en Valminor o Val Minor (¡no Val de Miñor!); por no haber hoy una entidad de población Miñor, nos ahorramos, pero no excluimos, suponer un "nomen possessoris" gen. *Minioli (Moralejo 2007: 279-280).*

A esta etimoloxía de Moralejo pódenselle apoñer varias obxeccións. O seu reparo ás sufixacións complexas nas formas pertencentes a ese tema hidronímico contradíse co *Minionen* de Virxilio (hoxe *Mignone*), aínda que para *Miñor* nin sequera é necesario supoñer un iode no étimo, pois cabe a posibilidade de que en vez do sufixo *io* do nome do *Miño* teñamos directamente o sufixo *or* no do *Miñor*, sen sufixación complexa ningunha. Nese contexto fónico, cun *n* intervocálico tras *i* longo, dun étimo sen iode **Minor* resulta igualmente a consoante nasal palatal, coma en *viño* < *vīno* ou *piñeiro* < *PĪNARIU*. En segundo lugar, é certo que un étimo en *ÖLI* pode dar un resultado romance en *or*, coma no exemplo antropotoponímico en que se apoia Moralejo, pero nos topónimos derivados dese exemplo as atestacións medievais amosan vacilación nas grafías *Pinol* / *Pinor* (a grafía maioritaria con que se rexistran os dous *Piñor* ourensáns ata o século XIV é con *l* final), mentres que *Miñor* sempre se documenta con *r*, sen excepción. En terceiro lugar, Moralejo apoia a súa hipótese na crenza de

que *Val Miñor* ou *Valmiñor* é a forma patrimonial (di entre exclamacións que non é *Val de Miñor*), e posto que a estrutura habitual dos compostos cun primeiro elemento *Val-* (< lat. *vallem*), tanto galegos coma doutras áreas peninsulares e románicas adoita levar a preposición *de* ante o substantivo que constitúe o segundo elemento do composto (*Valdeorras*, *Valdemiñotos*, *Valdedeus*, *Valdegodos*, *Valderramos...*), a anómala estrutura de *Val Miñor*, sen preposición, obrígao a optar por supoñer un xenitivo nese segundo elemento para explicar a anomalía. Nótese que Moralejo considera este condicionamento morfosintáctico aínda máis forte ca o carácter orixinariamente hidronímico de *Miñor* (e en consecuencia a súa relación con *Miño*), posto que non exclúe a posibilidade dunha orixe antropotoponímica do nome do río, a partir dun nome persoal masculino *Minius* rexistrado na epigrafía da Tarraconense, de xeito que o río *Miñor* tería o seu paralelo nunha *Fuente Miñor* en Coca, Segovia, para a cal se suxire como orixe o xenitivo dun antropónimo latino **Miniolus* (Moralejo 2007, nota 278).

Estas razóns invalidan a hipótese de Moralejo, polo que debemos seguir aceptando como máis verosímil a que supón que *Miño* e *Miñor* corresponden a dúas sufixacións diferentes dun tema hidronímico que remonta á terceira das raíces indoeuropeas **mei-* de Pokorny, como propuxo Krahe para o segundo. Esta explicación non exclúe que *Miñor* poida ser hidrónimo replicante de *Miño*, isto é, motivado por este, tal como pretende Moralejo, cun significado como ‘o *Miño* pequeno’, dada a proximidade xeográfica dos respectivos estuarios. Aínda que non podemos ter certeza do valor do sufixo *or* presente na hidronimia, é ben coñecido o emprego do seu paralelo *on* para formar derivados a partir do nome principal do río que serven para denominar o seu curso alto ou ben un afluente, como en *Avia* e *Avión*, *Deza* e *Dezón* (> *Dozón*) etc., cun valor moi probablemente diminutivo, segundo se deduce do feito de que en usos idénticos tamén se emprega o sufixo diminutivo correspondente ao latín *ĕllu*, -*ĕlla* (*Sar* e *Sarela*, *Sárdoma* e *Sardomela*, *Tambre* e *Tamarela* etc.).

DE VAL DE MIÑOR A VAL MIÑOR PASANDO POLO CASTELÁN

A denominación *Val Miñor* ou *Valmiñor* que toma Moralejo como punto de partida para a súa hipótese non é denominación tradicional, senón unha creación recente, produto da regaleguización dunha forma castelanizada *Valle Miñor*, que á súa vez substituíra un *Valle de Miñor* anterior, resultado da adaptación ao castelán da forma patrimonial galega *Val de Miñor*.

Val de Miñor é a forma que rexistramos desde o século XIII como alternativa a *Miñor* ou *Terra de Miñor*, e convive con estas denominacións durante a Idade Media ata acabar desprazándoas. Os notarios asinan como *notario en Tebra et en Miñor* (a.1257), *notario en Bayona et en Minor* (a.1266), *en Bayona e enno val de Miñor* (a.1280, a.1281), *notario jurado de Tebra e de Minor* (a.1282), *en terra de Miñor* (a.1290), *Val de Miñor* (a.1387), *en el Val de Miñor* (a.1446). A denominación *Val de Miñor* non só é habitual na documentación medieval en galego, senón tamén na do século XVI en castelán, e só no XVII comeza a verse substituída nesta lingua en medios eclesiásticos pola forma que castelaniza o primeiro substantivo, *Valle de Miñor*, o que vén sendo propiamente unha hipercastelanización, pois na toponimia do dominio lingüístico castelán o latín *vallem* tamén pode dar o resultado *val-* na posición proclítica do primeiro elemento

de compostos. Para a datación desa hipercastelanización pode servirnos de referencia o feito de que no tomo becerro de San Domingos de Tui (anos 1588-1647), escrito integramente en castelán, nos asentos do foro dos bens de Juan de Arines lemos *Val de Miñor* no título e nos rexistros iniciais, datables a finais do século xvi e os primeiros anos do xvii, mentres que unha anotación posterior, de diferente man, engade: *Paga esta capellanía este año de 618 Maria Afonso, viuda q quedo de Juan de Arines. Vive en Fontán, Valle de Miñor*» (AHN, Clero, L10398 PARES). Desde o século xvii ata a segunda metade do xix esta forma, *Valle de Miñor*, é a que se usa na documentación escrita. Rexístrase indistintamente con e sen artigo: *María Troncoso (...), natural del valle de Minor* (a.1625, Pares), *feligresia de Gondomar y Valle de Miñor* (a.1641, Pares), *vecino del valle de Miñor en el nuestro rreyno de Galicia* (a.1662 Pares).

O Padre Sarmiento, nas viaxes de 1745 e 1754 e noutros textos emprega a forma galega («*llaman así en Val de Miñor.*») e a castellanizada («*hacia el Valle de Miñor*», «*en el Valle de Miñor*»...). Podemos ter certeza de que a forma usual na fala era daquela *Val de Miñor*, aínda que só asome esporadicamente nos textos escritos.

Valle de Miñor é tamén a forma que figura no Catastro de Ensenada (1753), onde se repite no encabezamento das respostas ao Interrogatorio das distintas parroquias:

En la feligresia de Santiago de Parada á doze días del mes de Abril año de mill setezientos cinquenta y tres, el sr don Bartholomé Joseph de Araujo y Cadabal, regidor perpetuo de la Ciudad de Tuy y comandante de los trozos del Partido del Valle de Miñor (CME, Mañufe).

A denominación castellanizada *Valle de Miñor* segue a ser a habitual nos textos escritos no século xix: *Pedro Loudrón, apoderado del Valle de Miñor* (a.1815 PARES), *José Arias Teijeiro, comandante de Voluntarios Realistas del valle y partido de Minor* (*Diario de Avisos de Madrid*, 9-06-1825), *Alonso Real, alcalde del valle de Miñor* (*El Heraldo*, 17-09-1843) etc. Esa é tamén a forma que recolle o dicionario de Madoz: *el valle de Miñor* (Madoz 1845: s.v. *Bayona*).

A forma sen preposición entre os dous elementos do topónimo composto (*Valle Miñor*) é insólita antes das últimas décadas do século xix. Atopámola por primeira vez na documentación de Santa María de Oia, no libro dos bens deste mosteiro en Panxón (AHN Clero L.10213 PARES), que contén documentación de 1511 a 1672 e vai precedido dun índice (“*Tabla de lo contenido en este libro de Panxon*”), onde se le “*Valle Miñor*” e “*Memorial simple de los bienes que este Monasterio tiene en el Valle Miñor*”. Aínda que ese índice non leva data, é sen dúbida moi posterior aos documentos que forman o volume e semella do século xix. Na década de 1840 comezamos a rexistrar algunhas veces *Valle Miñor* na prensa de Madrid (por exemplo, en *La Postdata* 17-04-1844), mais antes da década de 1880 son casos moi excepcionais, algún deles simple gralla de impresión, fronte ao habitual *Valle de Miñor*. En Galicia rexistramos o uso de *Valle Miñor* por primeira vez en Antonio de la Iglesia nun poema de *El Álbum de la Caridad* (1862: 250), («*Por el [refírese ao mes de maio] do Miño nas veiras / e mais no valle Miñor / Antre froles de roseiras / Láyase o doncel de amor*»), onde non pode atribuírse a esixencias da métrica porque é doada a solución que respecta o topónimo con preposición sen alterar o oitosílabo. Máis de dúas décadas máis tarde, en *El Idioma Gallego*, reproduce unha paremia popular coa forma tradicional galega: *Millor*

por Millor, *Val de Miñor* (1886: III, 222). Para a consolidación da denominación *Valle Miñor* debeu ter influencia decisiva o *Faro de Vigo*, decano da prensa española, fundado en 1853. Na década de 1870 comeza este periódico a empregar ocasionalmente a variante sen preposición, por exemplo, na información sobre o proxecto de ferrocarril a Baiona, que foi tema reiterado nas súas páxinas durante anos (en artigos sobre este asunto lemos *Valle Miñor* en 20-06-1876 ou 19-01-1888, por exemplo, e *Valle de Miñor* en 19-02-1880 ou 6-12-1889). Desde 1880 o *Faro de Vigo* usa *Valle Miñor* de modo sistemático na información eclesiástica ou das viaxes do bispo de Tui, quizais porque o propio bispado emprega esa forma, e pouco a pouco vaise facendo habitual nos textos de determinadas seccións, dependendo das preferencias de cada autor, ata que acaba por xeneralizarse a toda a redacción do periódico, en contraste coa información procedente do propio val, onde continúa empregándose a forma castellanizada con preposición, como nunha carta ao director enviada polos «cosecheros de vinos del Valle de Miñor» (*Faro de Vigo*, 22-07-1888). Na década de 1890 a proporción das ocorrencias da forma con preposición vai diminuindo sensiblemente. Xornalistas como Xoán Neira Cancela (Vigo 1849 - Ourense 1909) contribuíron a difundir a forma *Valle Miñor* noutras publicacións periódicas de Galicia e de fóra dela. A consolidación definitiva da denominación sen preposición debeu de producirse a partir de 1902, data en que o xornalista Xosé María Barreiro (Baiona 1871-1923) fundou na súa vila natal o semanario titulado *El Valle Miñor*.

É de supoñer que durante o século XIX a forma popular oral seguía a ser *Val de Miñor*, tal como a recolle Antonio de la Iglesia en *El idioma Gallego* (1886). O triunfo de *Valle Miñor* sobre *Valle de Miñor* debeuse ver favorecido tamén polo feito de que na primeira destas formas non se afastaba tanto da forma patrimonial *Val de Miñor*, cuadrílabo tamén e da cal só difería nun fonema.

Ao longo do século XX, *Valle Miñor* triunfou tamén na fala local (hoxe segue sendo moi empregada por falantes nativos), ao tempo que comezou a usarse en textos escritos en galego a súa regaleguización, *Val Miñor*. Esta foi a que se *restaurou* na transición, por supoñela o topónimo xenuíno galego, e nestas últimas décadas gañou notable extensión de uso.

BIBLIOGRAFÍA

CME = *Catastro del Marqués de la Ensenada* (www.pares.es)

AHN = *Archivo Histórico Nacional* (Madrid). Os documentos que se citan son accesibles no portal PARES (www.pares.es)

IGLESIA, ANTONIO DE LA (1862): “O maio”, en *Álbum de la Caridad: Juegos Florales de La Coruña en 1861: seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, pp. 249-255. A Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial.

— (1886): *El idioma gallego, su antigüedad y vida*. Tomo III. A Coruña: Biblioteca gallega.

KRAHE, HANS (1949-1950): “Älteuropäische Flussnamen”, in BNF (*Beiträge zur Namenforschung*), 1.1. (1949-50), pp. 24-51 e 1.3 e (1949-50) pp. 247-267, Heidelberg.

— (1964): *Unsere ältesten Flussnamen*. Wiesbaden: Otto Harrassowitz.

IEW = Pokorny

- MORALEJO ÁLVAREZ, JUAN JOSÉ (2004): “El río Miño y sus etimologías” en A. Franco (coord.): *Patrimonio Artístico de Galicia y otros estudios. Homenaje al Prof. Dr. Serafín Moralejo Álvarez, III*. Santiago: Xunta de Galicia, 2004, pp. 203-216 (257 reeditado en *Callaica nomina*).
- (2007): *Callaica Nomina. Estudios de onomástica gallega*. Santiago de Compostela: Fundación Barrié de la Maza.
- NAVAZA BLANCO, GONZALO (2006): *Fitotoponimia galega*. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- POKORNY, JULIUS (1959 [1994]): *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch* (IEW), 2 vols. Tübingen und Basel: Francke. [cítase pola versión dixital 2.0 (xuño de 2011), de acceso en http://dnghu.org/de/Indogermanisches_Etymologisches_Woer-terbuch/].
- SARMIENTO, FR. MARTÍN (1754 [1999]): “Viaje a Galicia en 1754,” en X. L. Pensado Tomé / Lectorado galego de Salamanca: *Galicia desde Salamanca (2)*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística.
- SARMIENTO, FR. MARTÍN (1757-1762 [1999]): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Ed. de J. L. Pensado Tomé. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- VILLAR LIÉBANA, FRANCISCO (2000): *Indoeuropeos y no indoeuropeos en la Hispania prerromana*. Salamanca: Ediciones de la Universidad.

O moderno debate sobre a romanización

GERARDO PEREIRA-MENAUT

RESUMO

Nas últimas décadas tense discutido o concepto tradicional de Romanización, indefinido pero útil, para esixirlle concreción e exactitude en casos seleccionados, e o caso matou á teoría: afirmase que a Romanización non existiu, ou que ninguén sabe que é. Unha corrente norteeuropea, sobre todo anglosaxoa, pon en cuestión a civilización romana (depredadora doutras do mesmo nivel). Como contrapunto preséntase a investigación sobre Hispania e particularmente Callaecia: fronte á identidade orixinal dos pobos, a súa formación ao longo da Historia: a Etnoxénese, da que a Romanización é un momento capital, que lles achegou aos pobos europeos moito máis cás pretendidas culturas bárbaras. Latexa no fondo unha vellísima tensión entre o Norte e o Sur de Europa.

PALABRAS CLAVE: Romanización. Civilizacións. Europa «latina» vs. Europa «xermánica».

ABSTRACT

The traditional concept of Romanization, vague but useful, has been dealt with, in recent decades in the discussion of specific questions, ultimately leading to a radical revision of the basic postulates: thus, it has been claimed that Romanization did not exist, or that nobody knows what it was. A North European, especially English, trend brings into question Roman civilization (depredatory of others on the same level). As opposed to this, the research works on Roman Hispania and particularly on Callaecia may be adduced: the original identity of the indigenous peoples must be considered side by side with their formation throughout History: the Ethnogenesis, in which Romanization represents a crucial event which contributed to the European peoples much more than the Barbarian cultures. There is in the background an old conflict between Northern and Southern Europe.

KEY WORDS: Romanization. Civilizations. «Latin» Europe vs. «Germanic» Europe.

Vou tratar este gran tema servíndome de catro pequenas historias reais. Ao final de cada unha delas expoñerei o que Callaecia, é dicir, a investigación recente sobre a antiga Callaecia e a súa romanización, achegaron ao debate. Veremos que non é pouco, ata que, como tantas veces sucede, e en contra do que ás veces se escoita, imos por diante en conceptos e formulacións.

Vén na nosa axuda unha excelente tese doutoral defendida hai pouco na Universidade de Alacante, titulada “Evolución y fundamentos historiográficos del concepto de Romanización”, da autoría do Dr. Teodoro Crespo Mas, dirixida polo Prof. Dr. Jaime Molina. Por certo que nesa tese aparece Callaecia (e a súa pertinente investigación) como pioneira na formulación dos máis creativos xeitos de entender a romanización, mentres que o coñecido historiador compostelán Fernando Wulff é presentado como introdutor dos estudos dedicados á creación de presuntas identidades nacionais, nas *Hispaniae* da idade moderna, ao fío ou dacabalo de certas formas de entender a romanización desas *Hispaniae*.

MARROCOS, A GAITA E OS CELTAS

Nun debate con estudantes sobre a cuestión do celtismo de Galicia, na Facultade de Historia de Santiago, hai xa uns anos, un deles mantiña que o día en que os marroquís se afixesen a tocar a gaita e a adoptasen como propia, ese día os marroquís serían celtas. O desacordo foi xeral, evidente e ben audible. Con todo, a proposta daquel estudante non era tan abertamente errónea ou falaz; era a consecuencia dunha determinada visión do celtismo. Segundo aquel estudante, o celtismo era unha cuestión cultural, e nada máis. É certo que o tocar a gaita era un só trazo cultural, e diríase que para ser celta, aínda desde unha “definición cultural” do celtismo, habería que adoptar máis trazos culturais celtas, e non só a gaita. Pero entón arraxariámolo dicindo que o estudante tiña razón, aínda que habería de dicir que o día que tocasen a gaita serían “un pouco celtas”.

Agora ben, a que obedecía, pola súa banda, o xeneral desacordo? Sen a menor dúbida, obedecía a outra visión do celtismo, e é de presumir que en moitos casos, se non en todos, e máis ou menos conscientemente, os que amosaron o seu rápido desacordo tiñan unha visión “xenética” do celtismo. Segundo tal visión, para que a antiga Callaecia fose celta debería haber un traslado de poboación celta que fose, cando menos, tan numerosa como a que xa había aquí, e a poder ser un pouco máis, por aquilo da maioría simple. E moito mellor se os novos galaicos acababan cos vellos, porque así o celtismo xa quedaba fóra de cuestión. Permítanme agora un inciso. Sempre me preguntei como se explica que os apóstolos do celtismo galaico consideran aos celtas como o xenuinamente galaico, esquecéndose dos que estaban antes. Eses, que estaban antes, non tiñan categoría para ser os nosos devanceiros? Eran como parentes pobres e aldeáns que hai que ocultar? Teño ante min unha sinxela revista titulada *Ith, Revista da Irmandade Céltiga* nº 2 (Inverno 87/88). Na portada anúnciase unha colaboración, en forma de pregunta: “Somos de raza celta?” Para os que suscitan esa pregunta, celtización debe ser unha cuestión racial, e se os galegos somos de raza celta será porque expulsamos ou matamos aos verdadeiros galegos. Por certo: é claro que os editores de *Ith* ignoran que na moderna Xenética de Poboacións a palabra “raza” foi desterrada para sempre.

Sirva a cuestión do celtismo e as súas diferentes percepcións, das que só recordamos dúas, a cultural e a xenética, para introducirmos máis comodamente na romanización e os seus aspectos. É claro que a romanización é un fenómeno moi complexo, con moitas caras. Podemos pensar na romanización lingüística, que é a introdución, extensión e dominio do latín por encima das linguas pre-romanas, dentro da cal poderíamos falar dunha romanización onomástica, a adopción dos nome persoais latinos tralo abandono dos nomes indíxenas. Hai tamén unha romanización arqueolóxica, que serve de base e método aos frecuentes estudos que se titulan “Romanización do val da Maía” e cousas semellantes. Estes estudos poderían chamarse tamén “Romanización do chan do val ...”, porque adoitan estudar os achados arqueolóxicos, e se hai sorte e aparece algo máis, tamén a epigrafía e a numismática. O que está por encima do chan, como a situación xurídica dos indíxenas conquistados, os cambios na estrutura socio-política, as relacións das elites co poder romano, e un longo etcétera, non aparecen, loxicamente.

E si non aparece nada “arqueolóxico” nun amplo lugar determinado nunha zona de Galicia? Concluiremos que alí non houbo romanización? Isto sería tan absurdo como concluír, da ausencia de todo resto arqueolóxico noutro lugar, que ese lugar non tiña historia. E, con todo, esta redución ao absurdo foi proposta xa entre nós.

Pero, é lícito esquecer que o val da Maía, por seguir co exemplo, pertence ao Conventus Lucensis, e que desde Lucus Augusti contrólase e organízase boa parte da vida dos habitantes dese val? Por outra banda, pouco importa que eses habitantes sigan usando un cacharro de cerámica ou un coitelo “*sen romanizar*”, cando a súa vida cotiá está tan determinada pola conquista romana e a conseguinte re-organización das terras e as xentes, ata o punto de que perderon a propiedade das súas propias terras, que agora serán “ager publicus”, propiedade do pobo romano ou do emperador, ou que uns indíxenas sexan reagrupados con outros dando lugar a novos núcleos de poboación -unha transformación de máxima importancia-, eses grandes castros que foron construídos logo da conquista. Pouco importa que a cerámica ou o coitelo estean sen romanizar, nin tampouco que algúns deses utensilios ou outras prácticas indíxenas se manteñan durante séculos, nalgún caso quizá case ata a actualidade. De novo sería reducir as cousas ao absurdo se pensamos nun coitelo sen romanizar en mans dun indíxena que xa ten un nome parcialmente latino mentres conserva outro elemento onomástico indíxena, recibe unha inscrición funeraria ao morrer -escrita en latín-, utiliza moeda romana etc, etc. O absurdo mostraríase si fixésemos unha valoración pautada da romanización dese indíxena (fágaseme graza de inexactitude, en beneficio da claridade):

- romanización na cultura material (cerámica etc.): nula
- romanización lingüística xeral: alta
- romanización lingüística onomástica: media
- romanización de crenzas funerarias: alta
- romanización monetaria: alta
- romanización arquitectónica: nula ou case nula
- romanización urbanística: nula
- etc.

Para chegar a este absurdo de “romanización con lupa”, que só ve o que está debaixo desta, e valorar adecuadamente o que Callaecia achegou, debemos facer un breve percorrido pola historia do concepto de romanización.

A mediados do século XIX, cando nacen o concepto e a palabra, é xeral a convicción de que a misión de Roma, a propagación da civilización e o progreso, o dereito etc converten a romanización nunha tarefa de alcance universal, que libraría aos homes e as nacións romanizados do seu ancestral atraso, ignorancia, pobreza e incultura. Con todo, podemos tomar a Mommsen como exemplo da complexidade desta gran cuestión histórica, complexidade producida por algo que aletea por baixo: o nacionalismo. Non é un nacionalismo das nacións, senón dos estados europeos modernos. Así, mentres Mommsen non dubida en facer un panexírico da romanización e dos bens que levara aos romanizados, mantén con firmeza e con satisfacción que os xermanos libráronse desa contaminación de elementos estraños, alleos: grazas a iso, a gran nación alemá conservábase pura desde as súas orixes.

Como contrapunto a Mommsen, nas ideas pero non nas intencións, podemos citar ao francés Camille Jullian. A auto-representación máis querida polos franceses non é o dunha nación illada e pura nas súas orixes, senón unha síntese, o galo-romano. O sinxelo esquema dunha potencia dominante que conquista e civiliza a uns pobos pasivos, ou en todo caso impotentes, é substituída por outra: a colaboración dos indíxenas na Romanización, que aceptan gustosos, sabendo que é beneficiosa para eles. Así aparece outro gran tema con moito futuro: a romanización vista como o diálogo entre dúas culturas e a interpenetración dunha na outra.

O concepto de romanización ten sempre esa dobre cara, por unha banda a investigación histórica, e por outra o servizo a intereses alleos á disciplina, como os nacionalismos, ou, no seu caso, a aplicación á investigación de teorías que naceron fóra das ciencias históricas, como o marxismo. Debemos recoñecer, con todo, que isto último é consubstancial a calquera disciplina social, e non debe ser considerado un demérito.

O gran cambio prodúcese logo da II Guerra Mundial. Asistimos agora ao que se chamou a “descolonización da Historia Antiga”, paralela á descolonización que se produce ante todo en África e Asia. A Historia Antiga descolonízase daquelas ideas-forza como “civilización” “cultura dominante”, “progreso”, “superioridade racial” etc, etc. A Historia Antiga aproxímase ás Ciencias Sociais e empeza a ver a Romanización como un proceso de aculturación, e relega ao esquecemento a idea de que hai culturas altas e baixas nunha escala que mediría o progreso nos termos máis xerais. En lugar diso, as culturas históricas non haberían de valorarse segundo a súa proximidade ou afastamento da cultura greco-romana, que deixaba de ser a gran, única referencia.

A influencia do marxismo, sobre todo en Francia e Italia, ou neo-marxismo descolonizado de estalinismo, xunto coa Arqueoloxía, supuxeron un cambio esencial. Ao contrario que noutros tempos, cando a romanización era considerada como unha saba que se estendía uniformemente por amplas rexións, agora estudábase a cidade como elemento estruturador do territorio, da produción agraria, do comercio; estudábanse as relacións sociais, e en particular o escravismo. As “villae” non eran só xa o asento dos portadores da gran cultura clásica, mentres os seus mosaicos deixaban de ser soamente obxecto da Historia da Arte para ser, ademais dunha rama da produción artesanal, un símbolo de status e representación de mentalidades que, máis aló do relixioso ou mítico, falaban de actividades empresariais, de emprendedores axentes económicos. Neste panorama, a organización do territorio e dos núcleos urbanos en Italia e nas provincias, que na xusta expresión francesa eran vistos como unha “mise-en-abyeme”, unha miniaturización da propia Roma, eran xustamente considerados como o verda-

deiro elemento romanizador. Pero, na miña opinión, baixo tantas estruturas quedaban ocultos e atrapados os pobos (mellor: comunidades organizadas en tanto que tales) do ancho Imperio Romano.

Non vou deixar espazo á chamada Arqueoloxía Procesual e a New Archaeology, e non o digo en clave retórica, para deixar dito o que digo que non digo, porque esas febres pasan, como toda esta clase de febres, e esta xa pasou en case todas partes. Non tanto en España. Cometera o pecado de reivindicar un obxecto de coñecemento distinto do da Historia Antiga, e facendo falar case soamente ao que afloraba no chan, ou estaba debaixo deste, puxéronlle unha música que eles traían nos seus ordenadores.

Creo non ser inxusto se afirmo que na fase seguinte, que Teodoro Crespo Mas chama o post-procesualismo, atopámonos ante unha tendencia manierista, sobre todo (pero non só) no mundo anglosaxón e norte de Europa, entendida como un buscado xogo de afiadados conceptos, gusto polos paradoxos e figuras retóricas, que ao cabo parecen levarnos a outro mundo sen saír deste. Non é estraño que no moderno debate se propuxo o abandono da palabra “romanización”, e como de momento non hai un substituto de fácil uso, algúns falan agora, na investigación anglosaxoa, de “R-word”, esa palabra que empeza con “r” e que, como ninguén sabe xa que significa nin que ten detrás e arrastra consigo, será mellor esquecer. Propuxéronse outros termos, algún moi oportunista e moi pouco efectivo, como “Globalización da Cultura Romana” (R. Hingley), que ignora a parte do resultado final que se debe ás culturas indíxenas sometidas, e parece ver hai 2000 anos o comezo dese fenómeno que chamamos “globalización”. A este manierismo pertence esa pequena lista de “romanizacións parciais” antes apuntada.

Volvamos á realidade; vexamos a achega de Callaecia. Hai xa moitos anos que propuxemos, á vista do que as fontes literarias, as epigráficas e a arqueoloxía mostraban, que a discusión acerca de se en Callaecia había ou non había romanización era unha cuestión semántica, cuxo resultado dependía do que cada un quixese entender por romanización. Era preferible estudar a fondo os testemuños máis variados e concluír entón o que a conquista romana supuxera. E así, no canto da palabra “romanización” propoñiamos falar de “transformacións producidas pola conquista romana e os seus resultados”. É máis longo e menos cómodo, pero engloba as dúas realidades fundamentais, o transformado (o mundo indíxena e as súas accións) e o transformante (os romanos e as súas accións), de modo que este amplo concepto está aberto a calquera innovación que o investigador queira incluír, debido aos avances no coñecemento, e pode tratar de todos eles en diálogo constante entre si¹.

Esta idea-guía das transformacións levounos a enriquecer moito a capacidade de lectura dos feitos documentais. En primeiro lugar, soubemos valorar que moito antes da conquista, xa a finais do século II a.C., chegara a cerámica campaniense, cando ningún romano pisara Callaecia, separadamente do episodio de Decimus Iunius Brutus Callaicus. A entrada e o uso de materiais romanos acentuábase no século I a.C., antes tamén da conquista, de modo que tivemos que falar dunha “aculturación material previa á conquista”, concepto de enorme potencia, porque non era o principio da romanización, como non o foi noutros lugares, como Rusia ou Suecia, onde tamén se deu esa entrada e uso de materiais romanos, incluída a moeda.

As medidas organizativas tomadas polos conquistadores para organizar o territorio e establecer as comunidades humanas que ían dominar levounos a entender, como

gran transformación, a constitución dunha rexión histórica dentro do Imperio Romano, non provincia pero si con entidade propia para certas cuestións, que empezou a chamarse Callaecia, utilizando para ese nome o daquel pobo vencido por D. Iun. Brutus Callaicus. Pero disto falaremos máis tarde.

As transformacións nos castros, que supoñen a creación dos máis grandes e o abandono doutros, algún tempo logo da conquista. As alteracións e innovacións nos utensilios domésticos, importados ou non; a introdución do hábito epigráfico algúns decenios despois, precedido polas inscricións oficiais que fan os romanos, pero para que as vexan os galaicos; a primeira tímida introdución da onomástica latina, moi pouco logo da conquista... Á vista de tanta transformación, e en ausencia de cidades (excepto as dúas capitais fundadas para controlar e dominar ordenadamente, Lucus Augusti e Bracara Augusta), e de obras públicas dignas de consideración, xurdían por si mesmas preguntas como cales son os elementos estruturantes do territorio?

- 53 Por exemplo, nunha carta ao abade dende Madrid dille “tengo noticias que está bueno y muy fervoroso, ha sido enfermero, Dios lo haga como quiera” B2, 46.
- 54 B2-305
- 55 B2-301
- 56 B1-
- 57 B2-644
- 58 B2 132-160. En 1778 estaba en Filipinas (Marta M. Manchado López, “El proyecto de convento para mestizas de Santa Rosa de Lima, en Filipinas”, *Anuario de estudios americanos*, V.56, 2, 1999, p. 485). Aureliano Pardo Villar, *Dominicos pontevedreses en Filipinas: de los siglos XVII y XVIII*, El Museo de Pontevedra, 3, 1944-45, p. 48-50.
- 59 B279; B 1 306
- 60 B1-501 e B1-vol2-13-16
- 61 B2, 109
- 62 B2-259
- 63 B2-174
- 64 B2-305
- 65 B2-300-302
- 66 Vizueté Mendoza, J. Carlos, “Monjas y confesores: dirección espiritual en el siglo XVIII, III Reunión Científica de Historia Moderna / coord. por Vicente J. Suárez Grimón, Enrique Martínez Ruiz, Manuel Lobo Cabrera, Vol. 1, 1995 p. 385-390. Karen María Vilacoba Ramos, *Una manifestación del poder: los confesores de monjas, Poder y mentalidad en España e Iberoamérica* / coord. por Enrique Martínez Ruiz, 2000, p. 73-84.
- 67 Entre eles José del Espíritu Santo, autor de *Cursus theologiae mysticae-scholasticae*
- 68 B1, 249 e 293.
- 69 Cuando me escriba ha de ser no diciendo nada de fundación ni cosas pasadas, de si ha habido contradicciones para los intentos de ser religiosa, pues estas han de quedar en silencio, porque lo había permitido Su Majestad B2-301.
- 70 B263
- 71 B2 187
- 72 Martín González
- 73 B1, 2, 109, 222 e 297
- 74 I. Poutrin, “Una lección de teología...”, p. 130.
- 75 No decía cosa que no me rechazasen y se levantaban hartas desazones y discordias, en medio del gran cuidado con que yo andaba para que por mi causa no perdiéramos la paz, B2, 193.
- 76 B2, 193, 205 e 217
- 77 B18
- 78 Introducción de Frei Isidoro de San José, OCD, a *Ejercicio espiritual*, p. 22.
- 79 Ib. p. 88.
- 80 T. Sánchez, p. 154.
- 81 Edificio espiritual, edición de M. Capón Fernández, Santiago, 1954, 253.
- 82 Ib. pp. 257 e 270
- 83 (B2-137)
- 84 B2 237

Noticias inéditas da aldea de San Cosme

ANXO RODRÍGUEZ LEMOS

RESUMO

O autor recolle documentación sobre a existencia dunha capela de San Cosme, na aldea do mesmo nome, pertencente á parroquia de Baiña, en Baiona.

PALABRAS CLAVE: Capela, San Cosme, San Colmado, Baiña.

ABSTRACT

The author collects some documentation about the existence of San Cosme chapel, in the small village of the same name, belonging to the parish of Baiña, in Baiona.

KEY WORDS: Chapel, San Cosme, San Colmado, Baiña.

Nunha das ladeiras da Serra da Groba, parroquia de Santa Mariña de Baíña, enmárcase a aldea de San Cosme, presente nalgunhas fontes documentais como *San Colmado* ou mesmo *San Cosmete*. Neste lugar estratéxico localizado xeograficamente entre o río das Cabras e o río do Vilariño ou do Pontillón, emprazouse ata o século XVIII “la capilla del Glorioso San Cosme” da que as diferentes publicacións ata o momento, achegan datos máis ben modestos e pouco clarificadores do que era o edificio da capela en si e a súa fábrica. Aínda que o documento que hoxe presentamos é un dos moitos que temos localizados sobre o eremitorio, que para algúns historiadores remonta as súas orixes ao século VI¹ (contando ata o século XII cunha pequena comunidade de monxes eremitas) é dos máis ilustrativos sobre o estado da capela, que desaparecería para sempre nas xornadas do 21 e 22 de xuño de 1785 por orde do abade de Oia D. Clemente Bahamonde (1783-1787), logo de recibir autorización bispal. O prelado respondera á petición argumentando que a idea do abade de “demoler la capilla o santuario de San Cosme y trasladar las ymagenes y quanto pertenece al santuario a esa yglesia monasterial, es digno de todo aplauso, porque en su execucion se evitan muchas ofensas de Dios que ahora se cometen con pretexto de romerías, y puedo asegurar, que aquel santuario ha sido mil veces profanado”. Permitiría, sen embargo, o bispo D. Domingo Fernández Angulo que “puede quedar en el sitio del altar una cruz en memoria de lo que ha sido”². É moi probable que esta fose a que estivo en San Cosme ata o ano 1972, en que se traslada e se instala sobre o portalón da casa reitoral de Baredo.

INTRODUCCIÓN

Alá polos anos 70, Xoán Martínez do Tamuxe daba noticia en *El Pueblo Gallego* dos diferentes restos arqueolóxicos atopados á raíz da apertura dunha pista forestal polo lugar. O citado camiño, tivo que derrubar a casa na que a memoria popular situaba a *Casa das Novenas* ou dos *Frades*, coñecida como *A Casa de Luísa* por ser esta a súa última propietaria.

A casa e as súas terras circundantes foran mercadas polo veciño de Sabarís D. José Vilas Bargiela, máis coñecido como *O Casico*, por aqueles tempos garda forestal e moi coñecido entre os bañeses polas súas aventuras no viveiro que tiña nas tomadas da Fonte Regueira. Sería precisamente este home o que avisase a Tamuxe, cura que fora das parroquias de Baíña e Baredo, por coñecer o interese deste “polas cousas vellas”.

Entre os restos atopados naquela destrución destaca o achado dun capitel circular, adornado con follas de acanto (que o descubridor xa considerara visigótico) así como restos de cornixas e outras pedras traballadas xunto a unha “abundante cerámica”³. *A Casa de Luísa*, tal e como recordan os antigos veciños da aldea, contaba cunhas escaleiras que baixaban a un soto ao que, casualmente, a algúns dos nenos non os deixaban baixar, o que lle dá aínda máis misterio a unhas escaleiras que segundo os máis atrevidos non levaban máis que a unha bodega da casa. Sería precisamente esta baixada a que Tamuxe anota na súa crónica, aínda que descoñecendo a onde levaban (en parte por non preguntar) limitándose a anotar que presentaban un “desnivel de casi dos metros”.

Estes movementos de terra servirían para testemuñar grazas á “arqueoloxía” a presenza dunha capela no lugar, en tanto que dende aquela nunca máis se fixeron ex-

ploracións arqueolóxicas na zona, aínda cando temos localizado un posible lugar de enterramento nas terras coñecidas como O Sosanto.

O EDIFICIO NO DOCUMENTO DE OIA

De todos os séculos de existencia da capela de San Cosme, os momentos dos que, sen dúbida, temos máis referencias desta son os séculos XVI e XVII. Aínda non discutindo a existencia dun edificio anterior, que se puidese corresponder co que Almanzor no seu camiño cara a Compostela aquel verán do 997 asaltou⁴, e cun estado xa moi malo a comezos do XVII, o certo é que Yáñez Neira anota entre as obras realizadas baixo o goberno do abade de Oia Frei Rafael Calderón (1629-1632), a construción da “ermita de San Cosme”. Isto explicariáse ante a mala situación, patente nun “Memorial simple de los apeos de la mas de la hacienda que este monasterio tiene en este reino de Galicia” de cara a 1605, no que se indica que “la hermita de San Cosme (...) está muy maltratada, de donde lleua el monasterio las ofrendas y limosna el día de su romaxe y fiesta, así con tradición de nadie demás de 400 años a esta parte”⁵.

Comparto opinión, por tanto, con Domínguez Fontela que o que nestas datas aconteceu foron máis ben arranxos, ao igual que a restauración que se debeu facer durante o mandato de Bernabé de Villa (1644-1688). Anota novamente Yáñez Neira, que nestes tempos se “levantó la ermita de San Cosme e hizo el retablo maior, más las casas para la residencia de los ermitaños”. Este parece o estado da pequena capela ata que sendo abade don Ángel San Martín (1710-1713) se fan “dos retabillos y pintó tres frontales”.

O pequeno esplendor do edificio de comezos do XVIII debeu chegar ao momento do documento que hoxe presentamos, onde o santuario xa aparece con tres altares, sendo no maior onde “están los dichos Gloriosos santos San Cosme y San Damean” separados do resto da capela por unha reixa. Aínda que a advocación da capela fose destes santos, xunto a estes habería ata nove imaxes máis como a do Neno Xesús e Cristo, San Xoán Bautista, San Gregorio Magno, San Pedro, Nosa Señora do Socorro, San Bernardo, San Bieito ou San Bertolameu. Todas elas de vulto redondo, é dicir, imaxes observables dende calquera punto de vista, algunhas pintadas e outras de vestir. De San Cosme cóntanse ata tres imaxes, unha no altar maior e outras dúas de diferente tamaño, crendo que sería a pequena, como aínda hoxe pasa nalgunhas parroquias, a empregada para as procesións.

No que respecta á fábrica da capela, destacan tanto obxectos empregados no culto como son cruces, candelabros, cálices, patenas, vinagreiras, misais e atrás, moldes para hostias, lámpadas para o alumeadado do Santísimo, manteis para os altares ou purificadores (lenzo para limpar o sacerdote os dedos), así como vestimentas tanto para os relixiosos (amictos, albas ou casulas) como para os santos.

O mobiliario da capela parece máis modesto, non indo máis alá de mobles para o almacenamento como arcas ou caixas, petos para a esmola ou un confesionario con cadeira.

Como romaría que se prezase, non faltan aquí, tal e como se nos indica, candeas de diferentes tamaños ou exvotos ofrecidos ao Santo como unha cara ou mesmo un testículo. É probable que froito de promesas sexan tamén o diadema que adorna o Santo, a redoma, o peito, o testículo, a imaxe en filigrana da Nosa Señora, o peito, e a cadeña da Virxe do Socorro, todas de prata.

A imaxe que nos dá, por tanto, correspóndese á dunha capela pequena coroada cunha espadana e campá, cercada por un muro que conforma o seu adro, e no que se abren ata dúas cancelas. Á cabeceira da capela atoparíase *A Casa dos Frades*, “faiada, techada, enmaderada y tejada, serrada con seis puertas, las quatro con sus zerraduras y llaves y las dos sin ellas, con una sala alta”. Se dende aquí defendo que esta casa foi a que se destruíu nos anos 70 do século pasado, non é outro o motivo que pola presenza dunha “bodega que se halla bajo de la sala de dicha casa” e da que todos os veciños/as vivas do lugar dan aínda fe.

O ARRENDATARIO: D. BARTOLOMÉ LOSADA

D. Bartolomé Dámaso Losada é o nome do presbítero veciño de Santa Cristina da Ramallosa que figura neste documento como colono ou beneficiario da renda que o Mosteiro de Oia outorga. Tal e como indica o documento con selo de 1751, en San Cosme e noutras propiedades deste mosteiro cisterciense, foi necesario, ante a basta cantidade de terras, a elección de persoas que se encargasen do coidado e traballo das mesmas ou como é o caso, do mantemento dunha capela e das súas construcións anexas. O que a el se lle arrenda aquí é a esmola que “se ofreciese al Señor San Cosme y San Damean por sus devotos por tiempo y espacio de quatro años cumplidos”. A renda, que comezaría o día 20 de agosto de 1751, festividade de San Bernardo, tería fin polo mesmo día de 1755. É dicir, nun espazo de catro anos, o crego Bartolomé debería facerse cargo non só da capela, do seu tesouro e das esmolas percibidas, senón que tamén quedaba da súa conta a Casa das Novenas e un “pedazito de tierra para ortaliza con un peral y un limonero”. Iso si, quedaba en mans do mosteiro calquera tipo de reparación tanto da capela como da casa.

O anterior, non impediría que o clérigo, botando man da esmola, puidese facer obras menores no lugar de San Colmado como realmente sabemos que fixo. Así, do ano 1752, quedáanos nesta aldea como testemuña a Fonte Santa, unha fonte de coidado paramento de pedra, presidida por unha amea central cunha cruz latina gravada no centro⁶, que presenta na súa fachada a inscrición:

LA HISO DE LIMOSNA D. BAR/THOLOME LOSSADA AÑO/1752

O crego debía pagar en concepto de pensión a Oia trinta ducados de vellón, que se debían comezar a pagar anualmente dende o 20 de agosto de 1752.

TRANSCRICIÓN

A presente transcripción foi realizada tal e como aparece no documento, a excepción daquelas palabras abreviadas, que foron para a súa presentación desenvoltas e postas as súas letras en cursiva para poder distinguir o que estaba no orixinal e o que foi engadido polo transcriptor. Así mesmo, adaptouse a puntuación, emprego de maiúsculas e acentuado á norma actual.

DOCUMENTO

Dentro del Real Monasterio de Nuestra Señora de Hoya, orden dentro de Nuestro Padre San Bernardo a seis días del mes de marzo año de mil setezientos cinquen-

ta y uno en presencia de mi *escribano presente* y testigos, estando así el Reverendísimo Padre Maestro don frai Manuel Fernández, abad de este dicho Real Monasterio y señor tenporal de sus cotos y Jurisdicción dijo que siendo como es propia de dicho Monasterio la capilla y santuario de los Gloriosos San Cosme y San Damean sita en los términos de la *feligresía* de Baíña, y atendiendo a que en el deve aver persona que le cuide y procure y conoziendo la sufizienzia de don Bartholome Damaso de Losada, clérigo *presbítero* vezino de la *feligresía* de Santa Christina de la Ramallosa del partido de la Villa de Baiona al qual daba y dio en arriendo la limosna que se ofreciese al Señor San Cosme y San Damean por sus devotos por tiempo y espacio de quatro años cumplidos, que prinzipiaran a correr desde el día de Nuestro Padre San Bernardo, día veinte de agosto de este presente año y fenezeran el año que viene de mil setezientos cinquenta y cinco, por el día veinte de agosto tanvien de el, y en cada uno, de dichos quatro años pueda dicho don Bartholomé percibir y recaudar para si mismo el importe de toda dicha Limosna y en todo dicho tiempo pueda usar y use del procuro de dicho Santuario que se compone de tres altares y en el maior están los dichos Gloriosos santos San Cosme y San Damean = un niño Jesús con su vestido de lienzo pintado= un San Juan Baptista= un San Gregorio Magno= San Pedro Apostol= una ymagen de Nuestra Señora del Socorro vestida de lienzo pintado= un Santo Christo= otras dos ymagenes del Señor San Cosme, la una grande y la otra pequeña= Las quales todas ellas son de bulto= y en los dos Colectorales ai dos ymagenes de Nuestro Padre San Bernardo y San Benito estofados⁷. Y en los dichos altares pintados, los quales dichas ymagenes tanvien son de bulto= así mismo ai en dicha capilla una caja grande sobre el cajón de la ropa y en ella está un San Bartholome tanvien de bulto pintado= quatro cruces de madera y quatro candeleros de lo mismo= un cajon con sus llaves y serradura para los ornamentos= una arca= tres Aras= tres atriles pintados= tres petos para recojer la limosna y una caja con las ymagenes de los Santos Mártires= una reja con su llave que divide la capilla maior, y en la coronazion de ella un crucifijo= dos lamparas con sus basos= un hierro de hazer ostias= cuias dos lamparas referidas la una de ellas es de azofar y la otra de latón= un confesionario nuebo y una silla con su rexilla= una campana en la espadaña y una campanilla para tocar al alzar con su cadena y gancho= tres frontales de tabla pintados con su marco= tres tarimas= quinze purificadores= nuebe mesas de manteles para los altares= cinco alvas con un roquete de encaje ancho= tres paleas las dos nuebas y una vieja= nuebe amitos= quatro tersorios= tres casullas hordinarias y una de ellas de raso= quatro misales uno de ellos nuebo, otro mediano y los otros dos viejos= siete zinguidos= dos calizes con sus patenas y cucharitas todo ello de plata= cinco corporales romanos= ocho paños de calices andados y uno de ellos de dos azes= una bolsa para los corporales= cinco velas de zera grandes ofrecidas al Santo con quatro más hordinarias= dos caras tanvien de zera= un platillo y un testículo y una mortaja de olandilla encarnada= tiene el santo una diedema= una cruz= una redoma= un pecho= un testículo= una ymagen de feligrana pequeña sobredorada de Nuestra Señora= otro pecho pequeño y una cadenita pequeña delgada que tiene Nuestra Señora del Socorro, todo ello de plata= tres vinagreras de vidrio= tres vestidos de San Cosme de raso y una capa de lo mismo= quatro pares de puños del santo y tres corbatas= seis medidas y sintas= Cuia capilla se halla zerrada con dos puertas, la *principal* a los pies y otra al costado, ambas con sus llaves, tejada y made-

rada con su atrio y dos canzelas *que* lo zierran y algunos alamos dentro de el= Y asi mismo dentro de *dicha* capilla ai de *prevención* tres vigas y una escala= así mismo ala caveza de *dicha* capilla, ai una casa para avitar el relixioso u otra *persona* que cuide de *dicha* capilla la que se halla faiada, techada, enmaderada y tejada, serrada con seis puertas, las quatro con sus zerraduras y llaves y las dos sin ellas con una sala alta. Dos alcobas y dos bentanas y contraventanas y en cada una de ellas dos vidrios, y dentro de ella dos bancos respaldos grandes= una mesa= una arca grande= una silleta y en *dichas* alcobas dos tarimas con sus cordeles y en ellas dos jergones viejos= y en la cocina que está separada y es de *dicha* casa dentro de ella tanvien ai una sartén de cobre= un pote de hierro= unas tremedes= una cuchara de hierro= y una artesa de amasar pan= y en la bodega que se halla bajo de la sala de *dicha* casa de dentro de ella tanvien tiene dos pipas viejas= y asi mismo conjunto a *dicha* casa se halla un pedazito de tierra para ortaliza con un peral y un Limonero, cuias Alhajas aqui expresadas se le entregan a *dicho* don Bartholome Damaso de Losada *presbítero* para que de ellos use para el adorno de *dicho* santuario como tanvien de *dicha* casa y referidas halajas de ella durante el tiempo de este *dicho* arriendo y defenezido que sea los aia debolver y entregar en este Monasterio, y al Relixioso que de su orden las baia a perzivir, y si alguna de ellas tubieren algunos desperfectos y menos cavos que con el transcurso del tiempo de *dicho* arriendo se puedan ocasionar entregándolas a *dicho* don Bartholome de la suerte que se hallaren tiene cunplido sin que por *dicha* razón se le pueda pedir cosa alguna= Y en caso que el sobredicho haga perfectos y mejoramientos durante *dicho* arriendo en *dicha* capilla y casa referida siendo de poca monta se le tomarán en quenta del inporte por que se le haze este *dicho* arriendo= Y mediante se pagan *anualmente* por la casa de las novenas que junto a *dicho* santuario tanvien ai que deve perzivir el relixioso que asiste en la Granja de Panjon que la es de este Monasterio por incluírense estos en la pensión que aqui iba declarada a *dicho* don Bartholome no pueda cobrarlos ni recaudarlos para sí mismo, sino *dicho* relixioso por iren así yncluidos en *dicha* pensión principal que aqui irá expresada= Cuio arriendo de todo lo que ba referido ansi se le haze con carga y pensión de treinta ducados de vellon que en moneda corriente en cada un año aia de dar y pagar el *dicho* don Bartholome Damaso de Losada, *presbítero*, cuiu paga de *dicha* pensión principiará a hazer el día de San Bernardo que viene del año de mil setezientos cinquenta y dos, y las demás pagas consecutivamente año por año en el referido día durante el tiempo de este *dicho* arriendo pena de execución última y costas que en razón de ello se causaren; Y cumpliendolo así, *dicho* Padre Abad otorgante obliga los vienes y rentas de este *dicho* Monasterio de hazer y que hara sierto y seguro este *dicho* arriendo durante el tiempo porque así se le haze, y contra el nose ira en manera alguna, y así mismo los expresados vienes y rentas de *dicho* Monasterio obliga a *dicho* Padre Abad de que siendo nezesario hazer algunos reparos maiores en *dicha* capilla y casa referida, *dicho* Monasterio los hará a su costa y men^{on} sin ser visto el que el *dicho* don Bartholome los pueda hazer de su propio motu exepcto *dichos* perfectos menores estando presente a todo ello el expresado don Bartholome Damaso de Losada, *presbítero*, susodicho que dijo azetaba y azeto este *dicho* arriendo a su favor otorgando del qual usara durante el tiempo por que ansi se le hace= y se obligava y obligo con su *persona* y todos sus vienes avidos y por aver, espirituales y temporales de quedar a pagar en cada un año de los *dichos* quatro, porque se le haze este

dicho arriendo los dichos treinta ducados de vellón en dicho Monasterio comenzando a hacer la primera paga para dicho día de San Bernardo que viene de mil setezientos cinquenta y dos y las demás consecutivamente año por año por el referido día asta seren fenezidos dichos quatro años y al fin de ellos entregará así mismo a dicho Monasterio o persona de su orden todas las halajas de dicho santuario y casa de el con las que esta tanvien tiene y se le entregan y ser visto que por razón de los perfectos menores si los hiziere, tomárselos en cuenta de dicha pensión principal según ba expresado y a la paga de dichos treinta ducados y satisfacción de dichas alajas consiente ser apremiado por todo rigor de derecho; y para que todo lo aquí contenido se cumplirá ambas partes otorgantes y acetante dieron todo su poder cumplido alas Justicias de Su Magestad de su fuero e Jurisdicción. Y quede sus personas y vienes puedan y deban conozer a que se someten para que ansi se lo hagan guardar cumple executar como por sentencia definitiba de juez competente en autoridad de cosa juzgada por ellos consentida y no apelada zerca de que renuncia a todas las leis, fueros y derechos de su favor con la general en forma= Y así mismo renuncia al dicho capítulo *obduardus suan de penis desolutionibus* y todas las más leies y estatutos que son y ablan en su favor y ansi lo otorgaron dichos otorgante y acetante a quienes doy fee por delante mi escribano y testigos: Domingo Estévez, Blas da Rocha y Joachin Garzia todos vezinos del arraual de este dicho Monasterio de Hoya. Y de ello yo escribano doy fee= Ministro fray Manuel Fernández Abad de Oya= Bartholome Damaso Losada= Ante mí Juan de Villela= V^a emdo =No= y entre renglones= Y San Benito= Seis Reales= es copia de su orixinal que ante mí paso y se otorgó y en mi poder y oficio queda por rexistro a que me refiero. Y en fee de ello yo el dicho Juan de Villela como escribano ynsolidum del Reverendísimo Padre Ministro don fray Manuel Fernández, abad de Hoya, lo signo y firmo según acostumbro en este pliego entero de papel de sello quarto en el arraual de dicho Monasterio a diez y seis días del mes de maio año de mil setezientos cinquenta y uno=

En testimonio de verdad (*Rúbrica de Juan de Villela*)

ARQUIVO HISTÓRICO NACIONAL DE Madrid

Foral 6º selado do partido de Panxón e os seus anexos

Referencia: ES.28079.AHN/3.1.2.11.41//CLERO-SECULAR_REGULAR,L.10192

Data de formación: 1637 / 1798

Soporte e volume: Tamaño 32x21 CM. 153 Follas.

NOTAS

- 1 VILLA ÁLVAREZ, J.M. (2013): *El convento de las benedictinas de A Guarda (1558-1984)*. Monasterio de la Transfiguración del Señor de Trasmañó e Deputación Provincial de Pontevedra. pp. 23-35
- 2 YAÑEZ NEIRA, M. (1974): *El monasterio de Oya y sus abades*. Deputación Provincial de Pontevedra, Patronato José María Quadrado e Concello de Oia. pp. 70-71
- 3 MARTÍNEZ DO TAMUXE, X. (1975): "San Cosme de Bahiña: un poblado medieval en total abandono", en *Tuy Museo y Archivo Histórico Diocesano*. Vol. I. Tui

- 4 SÁNCHEZ ALBORNOZ, C. (1946) *La España musulmana*, t. 1. Buenos Aires. pp. 372-374. “Atravesado el Miño, los musulmanes desembocaron en anchas llanuras y en fértiles campos y sus exploradores llegaron hasta Dayr Kustan (¿el monasterio de San Cosme y San Damián?) y el llano de Balbenut situado sobre el Océano; tomaron por asalto la fortaleza de San Balayo (San Payo) y la saquearon, y después de haber atravesado unas marismas (...)»
- 5 *Memorial de bienes y hacienda del monasterio en diferentes lugares.* (Archivo Histórico Nacional,CLERO-SECULAR_REGULAR,L.10115)
- 6 MARTÍNEZ TAMUXE, X. & MARTÍNEZ BARBOSA, J.R. (2008) *Santa Mariña de Baña e o Eremitorio de San Cosme.* Comunidade de Montes de Baña. pp. 193
- 7 O estofado é unha técnica de policromar a madeira empregando pan de ouro como fondo sobre o que logo se pinta tras un longo proceso, que vai dende a preparación da madeira, o dourado da superficie, a aplicación de cores sobre esta, xeralmente ao óleo, ata finalmente o raspado da pintura para deixar á vista en certos lugares o ouro do fondo.

***Frei Manuel M^a Martínez O.P.,
O baionés defensor de Bartolomé de las Casas***

ANTONIO VALVERDE ALONSO

RESUMO

Achéganos o autor á figura de Manuel Martínez González, baionés, nacido nos primeiros días de 1892. Frade dominico, especializouse na obra de Frei Bartolomé de Las Casas, ao que defendeu de palabra e na escrita. Exerceu o seu labor relixioso en Centro América e en numerosos conventos da Península Ibérica.

PALABRAS CHAVE: *Frei Manuel María, Las Casas, “Leyenda Negra”, indios, As Américas*

ABSTRACT

The author brings us closer to the figure of Manuel Martínez González, borne in Baiona on the first days of 1892. Dominican friar specialized in the work of Brother Bartolomé de Las Casas, whom he defended orally and in writing. He practised his religious work in Central America and in numerous convents of the Iberian Peninsula.

KEY WORDS: *Frei Manuel María, Las Casas, “Leyenda Negra”, indians, the Americas.*

Segundo consta na “Acta de Nacimiento”, ás once da mañá do día catro de xaneiro de 1892 comparece no Rexistro Civil de Baiona José Martínez, sen segundo, natural da vila, de trinta e sete anos, casado, mariñeiro, domiciliado na rúa Ventura Misa número 55, para inscribir un neno que naceu na súa casa o día dous, ás nove da noite. O neno é fillo lexítimo seu e da súa dona Josefa González, sen segundo, tamén da vila, de trinta e catro anos. E vén sendo neto de Soledad Martínez e Vicenta González, tamén veciñas da vila, e avós descoñecidos. Pónselle de nome Manuel Silvestre José. Acompañan o pai tres mariñeiros coma el, tamén da vila, dous como testemuñas e os outros para firmar por non saber el.

As “Actas del Capitulo Provincial de la Provincia de España de la Orden de Predicadores celebrado en León, en el Convento de la Virgen del Camino del 2 al 27 de julio de 1978” dan como nado o 31 de decembro de 1891, día de San Silvestre, o que xustificaría o segundo nome. O primeiro de xaneiro celébrase o nome de Manuel e o terceiro, sen dúbida, por ser o nome do pai. Tamén se xustifican as datas, coa marxe que se daba para facer o rexistro, e aínda así parece que ou a celebración da festa do fin de ano ou a necesidade de ir ao mar retrasaron o rexistro.

Foi Baiona a vila que primeiro coñeceu a nova do éxito da expedición de Cristovo Colón na viaxe de descuberta das Indias Occidentais, ao arribar no seu porto a carabela “La Pinta”, ao mando do mariño Martín Pinzón. Este acontecemento influíu, sen dúbida, na inclinación do Frade Martínez por un dos personaxes mais controvertidos do posterior asentamento dos españois na nova terra descuberta, Frei Bartolomé de Las Casas, ao que lle dedicaría os seus estudos, constituíndose en paladín contra as acusacións que deron lugar á chamada “Leyenda Negra”, que tanto contribuíu ao desprestixio da España daquela época e que aínda hoxe segue marcando a opinión dalgúns foros españois o hispanoamericanos.

Viviou e pasou a súa xuventude en Baiona xunto co seu irmán Xosé, tamén sacerdote, e mais unha irmá. cursou os estudos primarios, mais pronto a vocación relixiosa o leva a ingresar, con 17 anos, en maio do ano 1909, no “Colegio de San Juan Bautista de la Orden de Predicadores de Corias” da veciña rexión de Asturias, facendo un ano máis tarde a Profesión Simple, no mesmo Convento, e a Profesión Solemne no ano 1913 no “Convento de San Esteban de Salamanca”. Ordénase Presbítero no ano 1915 e ao rematar os estudos de Teoloxía en 1918 é destinado ao “Convento de Nuestra Señora de Las Caldas de Besaya” na provincia de Santander, permanecendo alí dous anos.

Máis tarde, en 1928, volve para Galiza ao “Convento de San José de Padrón”, dedicándose á prédica e demais ministerios sagrados, pero é a partir dese intre cando se interesa e desenvolve os estudos sobre a figura do Padre Frei Bartolomé de Las Casas, amosando, o ano seguinte, a primeira comunicación sobre el no “Congreso de Historia Hispano-Americana” celebrado en Sevilla.

No ano 1930 trasládase ao *Convento de Nuestra Señora de Atocha* de Madrid. Dende aquí viaxa a Centro América, onde permanece 4 anos, exercendo un intenso labor de misións apalpando as repercusións e as secuelas das vivencias do Padre Las Casas.

Á súa volta, ao “Convento de Atocha”, exerce as funcións de organista, ao tempo que publica dous artigos sobre o Padre Las Casas na revista *Ciencia Tomista* cos títulos “Las Casas Historiador” e “Valor Histórico de la Brevisima Relación de la Destrucción de las Indias”, e intervén no “XXVI Congreso Internacional de Americanistas” celebrado en Sevilla no ano 1935.

Ao estalar a desgraciada “guerra civil”, os milicianos invaden o Convento, do que logra fuxir a refuxiarse no Hotel Laris de Madrid. Neste tempo atravesa grandes dificultades, pero el achaca ás súas relacións derivadas dos estudos sobre o Padre Las Casas “el haber salvado la vida”. Encóntrase no mesmo Hotel o seu amigo, secretario da legación de Guatemala, que coñecera na época da súa estancia en Centro América; o amigo procuroulle un documento que o facía empregado da legación de Guatemala, o que lle permitiu a libre circulación por Madrid. Tamén coñeceu e estableceu unha grande amizade co secretario da embaixada de Cuba, José M^a Chacón y Calvo, e co cónsul do devandito país, e así pode axudar a moita xente, chegando, incluso, a obter pasaportes estranxeiros cos que lles salvou a vida a varias persoas. Unha delas foi o Padre Manuel Suárez, que logo chegou a ser “Maestro General” dos Dominicos, para o que acadou do cónsul de Cuba un pasaporte cubano.

Estas actividades acaban traéndolle complicacións que o fan fuxir de Madrid para Valencia e Francia en outubro de 1937, permanecendo en Marsella e París dende onde fai incursións a Barcelona, dende o 19 de decembro ao 13 do xaneiro de 1938. Volve a París de novo e no mes de febreiro pasa á zona dominada polos chamados “nacionais”, acolléndose no “Convento de San Pablo de Valladolid”. Dende alí pasou en varias ocasións á nomeada “zona roja”. Existe unha lista das persoas favorecidas e as axudas económicas que recibiron pola súa mediación, e aínda despois do final da guerra librou varios da pena de morte e de cadea.

Entre os anos 1939 e 1959, o seu ministerio desenvólvese nos “Coventos de San Pablo de Valladolid, San Esteban de Salamanca”, onde profesara, de novo en “San José de Padró” e posteriormente en “Santo Tomás de Aquino”, na rúa Cañizares de Madrid. Máis tarde pasa a ser capelán das “Madres Dominicanas de Casalarreina”, Logroño, e o seu derradeiro acougo foi no “Convento de Santo Domingo de Caleruega”, Burgos, para dedicarse na súa vellez, dunha maneira exclusiva, á oración e ao estudo.

Foi un estudoso da vida e traballos de Frei Bartolomé de Las Casas, dominico coma el, cuxo labor en defensa dos indios nativos das terras descubertas polo mariño Cristovo Colón, e tamén dos negros que para substituír os nativos traían de África os chamados “negreiros”, que escravizaron ata a morte os españois que conquistaron e explotaron aquelas terras, as máis das veces, coa escusa, consentida e aprobada pola igrexa cristiá, de que “non tiñan alma” e por iso podían abusar deles coma se fosen animais.

Frei Bartolomé denunciou ese maltrato primeiro ante a raíña Isabel, logo ante o seu fillo Carlos I e o seu neto Filipe II chocando as máis das veces coa burocracia do Consellos do Reino e os intereses particulares dos membros do Consello, pois moitos deles tamén eran donos ou tiñan encomendas, que así chamaban ás explotacións onde os facían traballar. Sabía ben de que falaba, pois el tamén tivo encomendas nos primeiros tempos que pasou nas Américas profesando despois coma Dominicano e chegando a ser bispo de Chiapas. Logrou que o papa Paulo III declarase no ano 1537 que os indios eran seres racionais e participou na creación das “Leyes Nuevas de Indias”, pero, xa volto a España e farto de non conseguir que se aplicasen a xeito coas melloras para o trato dos escravizados, denunciou publicamente a situación escribindo *Brevisima relación de la destrucción de las Indias* que motivou que os descontentos e inimigos de Filipe II aproveitasen para desacreditalo no que foi chamada “Leyenda Negra”.

Fóra das críticas dos detractores dos relatos expostos por Frei Bartolomé de Las Casas na *Brevisima relación de la destrucción de las Indias*, os feitos relatados foron

ciento cincuenta y cinco
Nº 2436882 /08

ACTA DE NACIMIENTO.

Certificación Gratuita
(Ley 25/1986, de 24-12)

En Bayona a la 1 parte de la mañana del día cuatro de enero de mil ochocientos noventa y dos ante D. Agustín Ortíz Otero Juez municipal y D. Diego María Manteiga Secretario compareció Manuel Gil natural de esta villa, término municipal de la misma, provincia de León de edad treinta y siete años, estado, casado, domiciliado en esta población, calle Postera Minor número 55 según la cédula personal número 239 que exhibe, con objeto de que se inscriba en el Registro civil, un niño y al efecto como padre del mismo declaro:

Que dicho niño nació en casa del declarante el día dos del actual a la noche de la noche Que es hijo legítimo del declarante y de su mujer Jacopa Gurabi natural de esta villa término municipal de la misma provincia de León de treinta y cuatro años y de viuda en el día de su muerte. Que es nieto por línea paterna de abuelo Manuel y de Dolores natural de esta villa y vecino de la misma.

y por línea materna también de abuelo Manuel

(Left margin text: Manuel Gil, José Martínez San Valer de Bayona, Acta Número MANUEL GIL, VESPRE MARTINEZ GONZALEZ, 29 1892 1905, Registro Civil de Baionés)

testemuñados polos escritores daquela época, os máis deles partícipes coma soldados ou outros cargos da chamada conquista das Américas. Así podemos ler as barbaridades cometidas polos “conquistadores”, como traizón e asasinato do inca Moctezuma, que nos conta o soldado de Hernán Cortes, Bernal Díaz del Castillo no súa *Historia verdadera de la Conquista de Nueva España* e fixo dúas viaxes a España para demandar prebendas e mercés, e na segunda das viaxes participou na famosa “Junta de Valladolid” que, sobre a escravitude dos indios e a perpetuidade das encomendas e tributos, celebrada en 1550, na que Juan Ginés de Sepúlveda confrontouse cos argumentos de Bartolomé de las Casas.

Gonzalo Fernández-Oviedo escribiu *Historia general y natural de las Indias, islas y tierra firme del mar océano*, na que relata acontecementos que van de 1492 a 1549. Tivo no ano 1519 un violento conflito co dominico frei Bartolomé de las Casas, quen o acusou en Barcelona de ser “partícipe das crueis tiranías que na Castela do Ouro se fixeron”. Las Casas consideraba os indios seres humanos, cos mesmos dereitos que os españois. Fernández de Oviedo, coma Ginés de Sepúlveda, tiñaos por homúnculos, seres que tiñan defectos tan graves e irremediabes que facían imposible a convivencia cos casteláns, ou a conversión consciente á fe cristiá. Estas opinións eran compartidas por moitos conquistadores, e intentar convencer delas as autoridades da metrópole resultaba moi conveniente, pois a irracionalidade dos indios xustificaba a continuidade e perpetuidade da “encomienda”, a escravización na “guerra xusta”, e na última instancia as propias conquistas.

Na *Araucana* Alonso de Ercilla conta a represión do alzamento dos araucanos (indios mapuches) a os que “pusieron duro yugo por la espada” na provincia de Chile e na que perdeu a vida Pedro de Valdivia, Tenente Gobernador nomeado por Francisco Pizarro, Virrey do Perú, do que chamaron entón Nova Estremadura. Nesta represión morreron milleiros de indios, alzados e amigos que loitaban forzados do lado dos españois.

Outros escritores máis próximos, que contan historias ben documentadas daquela época, como o colombiano Wiliam Ospina na triloxía: *Ursúa, El país de la canela* e *La serpiente sin ojos*. Na primeira novela narra as expedicións, en 1526, de Pedro de Ursúa, navarro, de Aizcun (Batzen) cando remontaba o Marañón na procura de “El Dorado”. En *El país de la canela*, relata o descubrimento do Amazonas por Francisco de Orellana; na terceira das novelas reconstrúe o descenso do Amazonas pola expedición de Ursúa que rematará asasinado, xunto á súa amante, polo seu lugartenente Lope de Aguirre. Milleiros de mortes nas batallas de indios inimigos e de indios recrutados para portar os bastimentos, os cabalos e os miles de cans adestrados para pelexar que, por outra banda, alimentaban cos indios mortos nas batallas ou cos propios portadores cando escaseaban os víveres.

Ou sexa, as masacres existiron e foron xustificadas coa escusa de non recoñecerlle a ánima, e contáseas quen as contase en favor ou en contra do rei que fose, non se poden negar, e iso foi o que denunciou Frei Bartolomé e por iso foi calumniado coma inspirador dunha parte dos textos da chamada “Leyenda negra”.

No ano 1955 édítase a obra de Frei Manuel Martínez: *Fray Bartolomé de las Casas. El Gran Calumniado* na que analiza as calumnias que personaxes como Marcelino Menéndez y Pelayo, Ramón Menéndez Pidal, Manuel Serrano y Sanz, Padre Constantino Bayle ou Romulo D. Carbia verteran sobre el, igual que pasou no “XXVI Congreso

Internacional de Americanistas” celebrado en Sevilla no ano 1935. Tres anos despois publica *Fray Bartolomé de las Casas. Padre de América* no que defende este alcuño polos seus méritos no novo mundo.

Pasaba tempadas de verán xunta seu imán que seguía vivindo na casa da rúa El-duayen nº 1. O baixo dese predio arrendáao no ano 1904 Ramón Naveira Rodríguez, casado cunha dona chamada Verísima, para montar unha tenda de abastos. Unha filla deste matrimonio, tamén chamada Verísima e que continuou co negocio, non tivo fillos e, seguindo o consello do frade, co que tiña unha cariñosa relación familiar, adoptou un neno que el lle recomendou.

Era un extraordinario afeccionado á música -tanxía o harmonio, tendo exercido funcións de organista- e moi amigo doutro ilustre miñorán, o músico Germán Lago ao que lle dedicou un moi sentido recordo no seu pasamento. De carácter aberto e alegre, que mantivo ata a fin dos seus días, orixinado por un cáncer no pulmón, o 14 de novembro do ano 1975.

Obra publicada por Frei Manuel M^a Martínez

1919.- “Boletín de historia hispano-americana”, *Ciencia Tomista*, XX, pp.51-69.

1920.- “Boletín de historia hispano-americana”, *Ciencia Tomista*, XXI, pp.332-348.

1934.- “El P. Las Casas ante la nueva crítica”. *Ciencia Tomista*, L, pp.289-302.

1943.- “En el cuarto centenario de las Nuevas Leyes de Indias”. *Ciencia Tomista*, LXV pp.30-58.

1952.- “Las Casas historiador. Valor de la “Destrucción de las Indias” *Ciencia Tomista*, LXXIX pp.441-463.

1953.- “Las Casas historiador”. *Ciencia Tomista*,LXXX pp. 75-103.

1954.- *El obispo Marroquín y el franciscano Motolinía, enemigos de Las Casas*. Imprenta La Rafa - Abtao, 8 Madrid.

1955.- *Fray Bartolomé de las Casas “El Gran Calumniado” (Apasionado y exhaustivo alegato en defensa de Fray Bartolomé de las Casas)*. Imprenta La Rafa - Abtao, 8 Madrid.

1958.- *Fray Bartolomé de las Casas “Padre de America” (Estudio biográfico-crítico)* Imprenta La Rafa - Abtao, 8 Madrid.

1963.- “Replica a la conferencia de D. Ramón Menéndez Pidal sobre el P. Las Casas”. *Ciencia Tomista*, XC pp. 285-318.

1963.- “Replica a la conferencia de D. Ramón Menéndez Pidal sobre el P. Las Casas”. *Ciencia Tomista*,CCLXXXVI pp. 236-31.

1968.- *REVISTA DE INDIAS*, “Instituto Gonzalo Fernández de Oviedo”, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid, tomos XXVIII y XXIX, 1968 y 1969, núms. 111-118.

1968.- “Cuestiones discutidas acerca de Colón expuestas o juzgadas por Las Casas”. *Ciencia Tomista*,XXVIIpp.303-322.

1973.- “El Padre Las Casas y el obispo Marroquín”. *Ciencia Tomista*, C pp. 299-307.

1974.- “Un participante de la doctrina de Las Casas, delegado suyo ante el Consejo de Indias”. *Ciencia Tomista*,CI pp.454-461.

1974.- “Del saber y erudición del Padre Las Casas”. *Ciencia Tomistica*, CI pp.427-440

1974.- *Las Casas, Victoria y la bula Sublimis Deus* Ed.Estudios sobre Bartolomé de Las Casas, Sevilla.

19??.- “El pensamiento de Las Casas ante la conquista de América”.

BIBLIOGRAFÍA

Actas del Capitulo Provincial de la Provincia de España de la Orden de Predicadores celebrado en León, en el Convento de la Virgen del Camino del 2 al 27 de julio de 1978 XXVI Congreso Internacional de Americanistas (1936).

DÍAZ DEL CASTILLO, BERNAL (1632): *Historia verdadera de la Conquista de Nueva España.*

FERNANDEZ-OVIEDO (1535): *Historia general y natural de las Indias, islas y tierra firme del mar océano.*

ERCILLA, ALONSO DE (1569, 1578, 1589): *La Araucana.*

OSPINA, WILLIAM (2005): *Ursúa.* . Barcelona: Random House Mondadori.

— (2009): *El país de la canela.* . Barcelona: Random House Mondadori.

— (2012): *La serpiente sin ojos.* Barcelona: Random House Mondadori.

O padrón de 1930 do municipio de Tomiño: problemáticas para o estudo da emigración

NATALIA JORGE PEREIRA

RESUMO

Os padróns ou censos de poboación foron sempre fontes fundamentais para os estudos demográficos. Mais a análise concreta non é un obxecto de estudo habitual. Este artigo procura chamar a atención sobre o valor das fontes arxivísticas locais, moitas veces mal conservadas polo desleixamento administrativo. É o resultado do traballo presentado na materia de Migracións Europa-América: procesos de ida e volta (S.XIX-XXI) impartida pola profesora Pilar Cagiao no Máster Universitario de Historia Contemporánea da USC.

O artigo que se presenta é un caso práctico co fin de ilustrar a utilidade historiográfica para o estudo da emigración dos padróns municipais, non se inclúen polo tanto os resultados completos da análise na que se esmiuzan os datos parroquia por parroquia segundo diferentes categorías.

PALABRAS CHAVE: *Emigración, Tomiño, padrón, demografía, censo, fontes municipais.*

ABSTRACT

The censuses of population were always basic sources for demographic studies. However, the specific analysis is not usually an object of study. This article seeks to draw attention to the value of local archival sources, which are often badly preserved due to administrative neglect. It is the result of the work covered in the course titled "Migrations between Europe and America: Processes of Coming and Returning (19th to 21st century)", given by the professor Pilar Cagiao for the Master of Contemporary History Program at USC.

The article presented is a practical case with the aim of illustrating historiographical uses of municipal censuses for the study of emigration, and as such, it does not include complete analysis results in which data is broken down parish by parish according to different categories.

KEY WORDS: *Emigration, Tomiño, census, demography, municipal sources.*

INTRODUCCIÓN

O noso obxecto de estudo neste artigo é a problemática que xorde á hora de tratar unha fonte moi concreta como é o padrón de Tomiño de 1930. Acoutamos, pois, o noso obxecto de estudo a un espazo, Tomiño, e a un tempo, 1930. En base a esta fonte trataremos de analizar as súas posibilidades para o estudo dos campos demográficos, sociais, económicos e culturais. O obxecto último é pescudar os rastros que deixa a emigración no padrón de 1930.

Imaxe da penúltima folla do padrón de 1930 onde aparece recollido o número de residentes e de ausentes de cada unha das parroquias do municipio.

Tomiño é un dos cinco concellos que constitúen a comarca do Baixo Miño. Zona eminentemente rural e agraria na que os fluxos migratorios foron unha constante dende o século XIX, en parte pola proximidade a un porto tan importante como Vigo, pero tamén pola súa proximidade a un país estranxeiro como é Portugal. As características xeográficas deben ser tidas en conta para entender o importante volume de emigrantes a América pero tamén a Portugal e pola presenza de portugueses dentro do propio municipio. Como ben di o profesor Eiras Roel “a emigración galega en xeral, (...) e polo tanto tamén da emigración americana que é só unha modalidade particular dun fenómeno máis amplo no espazo e no tempo”


Hoxe Tomiño é un concello de máis de 105 quilómetros cadrados dividido en 15 parroquias e presume de ser un dos municipios con maior ribeira de río Miño, elemento natural que marca a fronteira con Portugal. Economicamente, é un termo que se asenta nunha importante produción de produtos agrícolas como son a planta ornamental, o kiwi e os viñedos. Ladeiras que antano estaban dedicadas ao cultivo do toxo ou simplemente a plantación de eucalipto e piñeiral, hoxe albergan enormes plantacións de viñedos ou de kiwis.



Situación de Tomiño dentro da Comunidade Autónoma de Galicia e mapa das parroquias do Concello de Tomiño.

Demograficamente é un concello xove, cunha alta porcentaxe de mozos e mozas en idade de reprodución que supera a taxa de envellecemento. Actualmente, dunha poboación de 13.955 habitantes, o 44% corresponde a mozos e mozas de entre 20 e 50 anos. Parte desta poboación é froito da chegada de familias doutros lugares de Galicia que escolleron Tomiño para vivir aproveitando a súa proximidade cun foco de emprego como é Vigo do que tan só dista 45 km.

Da pirámide poboacional destacamos a porcentaxe superior de homes (51%) con respecto ao de mulleres (49%) que choca frontalmente coas porcentaxes que extraemos do padrón de 1930, ano no que as cifras falan dunha alta poboación feminina sobre todo nos presentes e que nos indica claramente o fenómeno migratorio.



Pirámide poboacional de Tomiño en xaneiro de 2014.

O padrón de 1930 do Concello de Tomiño é unha fonte municipal que polo tanto se alberga no arquivo do propio Concello e que supón o primeiro padrón, non sabemos se foi o primeiro en confeccionarse pero o que si é seguro é que é o máis antigo que se conserva na Casa Consistorial. A posteriori temos o de 1935, 1941, e anos sucesivos.

É, esta, unha fonte nominativa xa que aparecen nomes de veciños e veciñas e nos informan de aspectos tan interesantes como estado civil, idade, parentesco entre os membros da casa, incluíndo o cabeza familiar. Tamén nos sinalan o seu oficio, se saben ler ou escribir, se son veciños ou se están simplemente domiciliados, e, o máis importante, se están ausentes e cal é a súa nacionalidade.

Esta fonte xunto cos libros de rexistros de emigrantes ou os expedientes de quintas e prófugos, son recursos fundamentais para o historiador á hora de estudar a emigración. É, polo tanto, unha fonte para estudos microterritoriais moi rica na que se poden contabilizar ata o número de casas por cada barrio de cada parroquia.

Mais non todo son parabéns á hora de empregala para analizar os movementos migratorios. A continuación vemos cales son os principais problemas que presentan.

PROBLEMÁTICA DO PADRÓN DE 1930

Contra vento e marea, Torrente constrúe o seu “fantástico realista” sobre outra teoría do real: a fantasía é un obxecto verbal, cuxa existencia se fundamenta no feitizo das palabras. “Naquela época, por 1983, os españois sentiámonos achicados polo auxe da literatura latinoamericana. Tiñamos unha especie de complexo de inferioridade”, dixo. “Algúns dixeron que vostede se inspirara ou plaxiara *Cien años de soledad* para escribir *La saga/fuga de J.B.*”

En efecto, o incipit desta novela fai pensar en calquera autor do “realismo máxico”: un pobo imaxinario de Galicia chamado Castroforte del Baralla ponse a levitar para rexeitar un invasor. O seu último sentido non se desvelará ata o final, no que se advirte a desaparición do Corpo Santo e das lampreas que proliferan no río Mendo. O libro prosegue cunha “*Balada incompleta y probablemente apócrifa del Santo Cuerpo Iluminado*”, na que se narra o descubrimento dunha barca cunha urna de cristal na que repousa o corpo incorrupto dunha muller. O Bispo Bermúdez concédelle a custodia do Corpo Santo e as esmolas que se perciban ao mariñeiro que o atopou, a condición de que se encargue de retellar a igrexa. Máis marabilloso, imposible.

Pregunteillo a García Márquez e explicoume: “No Caribe viven miles de galegos. Nesas condicións é normal que xurdise unha literatura de aparecidos e de fantasmas. Pero se alguén plaxiou alguén, ese fun eu. Toda a materia prima do meu libro está formada polos contos e lendas que me contaba para durmirme a miña avoa, que era galega.” “¡As miñas avoas -díxome Torrente Ballester- tamén eran galegas, polas dúas partes! Iso proba que o destino dun home fórxase na súa infancia, e que elas me axudaron a ser escritor.”

En 1966, Torrente asina un texto contra a represión dunha folga de mineiros en Mieres. Por todas as partes o critican: a esquerda desconfía dun “falanxista desilusionado” e a dereita non lle perdoa a súa “traizón”. A prensa -toda franquista- aproveita para atacalo e o goberno para expulsalo do seu cargo de profesor da Escola Naval. Finalmente, houbo de aceptar a cátedra de profesor de Literatura na State University of New York, en Albany (Nova York), como profesor distinguido. Viviu cinco anos en Estados Unidos. Ao regresar atópase con que, en España, seguen mandando os mesmos círculos literarios e idéntica obstinación dos escritores en practicar o realismo social. En cambio, na maleta trae o manuscrito desa obra decididamente fantástica, *La saga/fuga de J. B.*

Todo o anterior escribírao eu de antemán en París, baseándome nas súas obras, na análise destas por diversos estudosos, e en entrevistas publicadas en Francia e España. Publicouse in extenso no diario francés *Le Monde* do 19 de marzo de 1994. Souben polos seus fillos que a Torrente lle agradara a experiencia e podía contar con el para outra.

Un par de anos despois fun visitalo, en compañía do chorado Carlos Casares, á súa casa da Ramallosa, na provincia de Pontevedra. Andaría polos oitenta anos e mostrábase coqueto e sedutor. Había alí dúas rapazas moi atractivas, e el oufanábase de pou-

sar con elas para que o fotografasen entre “una morena y una rubia, hijas del pueblo de Madrid”, cantaruxaba como don Hilarión en *La Verbena de la Paloma*. Pois si, alí usei propórllle outra colaboración. Acababa eu de publicar *La pasión de la Bella Otero*, e supuxen que non lle desgustaría escribir unhas oito ou dez páxinas sobre a nosa paisana. O pintor Bonifacio ilustraríaas con outras tantas litografías para a editorial Raíña Lupa. Aceptou sen reparos, e o cofre con texto e ilustracións editouse en París en 2000 (2). Saíu caro: uns 2.400 euros. Teñan en conta que se trata dun texto inédito de Torrente Ballester e seis litografías orixinais de Bonifacio, un dos grandes pintores españois, numeradas e asinadas. Carlos Casares encargouse da tradución ao galego e Ignacio Ramonet e eu ao francés.

Ao rematar aquela visita, Carlos Casares, presidente entón do Consello da Cultura Galega, invitounos a cear na súa casa, a un par de quilómetros da Ramallosa. Un lugar fascinante con xardín, piscina, animais soltos polo verde e unha colección de locomotoras en miniatura como eu nunca vira, que Carlos coleccionaba e trataba como tesouros. “Ven aquí cando queiras e con quen queiras -ofreceume Carlos-. Temos dous cuartos para os amigos.” Ensinoume un deles: cama dobre, cadeiras, mesa, todo de madeira e un piano de cola Pleyel. “Si, ven este verán -insistiu Torrente-. Poderemos falar longo e tendido.”

Regresei a París co firme propósito de volver o ano seguinte, e estendín o convite á miña muller. Pero indo unha mañá ao taller de Miquel Barceló pola rúa de Rivoli sentínome mal. Uns pasos máis e caio ao chan. Recolléronme uns transeúntes, e ante a miña negativa de que chamasen unha ambulancia, deixáronme alí tirado. Dúas veces me erguín, outras tantas volvíñ caer, pero á fin cheguei á casa de Barceló. Abondoulle con verme a cara para chamar inmediatamente un taxi que me levase á miña casa. No mesmo coche fomos a miña muller e eu de hospital en hospital ata dar co Lariboisière, onde me diagnosticaron un derramo cerebral. Pasei uns cantos meses alí, e logo seis ou sete de recuperación: memoria, marcha, equilibrio, dicción. Cando recobrei todos os sentidos decateime de que, no entrementes, desapareceran Torrente Ballester e Carlos Casares. Ou sexa, que quedei sen vacacións, sen Pleyel e sen dous amigos recentes.

NOTAS

- * Tiramos este artigo do blog de autor <https://ramonchao.wordpress.com> quen autorizou a súa publicación e versión ao galego que realizou Miguel A. Mouriño. Publicado inicialmente en *Le monde diplomatique*.
- 1 Léase Ramón Chao, *El Lago de Como*, Argos Vergara, Barcelona, 1983.
- 2 *Cofre de la Bella Otero*, Editorial Raíña Lupa, c/ Sant Eusebi, 40-44, 08006 Barcelona, tel. 93 414 15 97, <http://www.rainalupa.com>

poemas de Anxo Ratel

3+3

imaxes de Fino Lorenzo

*Non permitir que as tripas da Historia nos delaten
perante o pánico
nin merquen os corpos nosos moreas de homes traxados
que non se extravíe tanta furia insurrecta
por entre ladaíñas baleiras
a carnaza de vermes purulentos
dentada infame
NON seremos*

*Habemos ceibar palabras longamente conformes
proxectando a luzada tras dun rapaz antigo
arremuiñados
celebrando a fuga de todos os seres estraños*





(Extraído do poemario “A contrafío”)

*Efectivamente
abóndannos resentidos mequetrefes sen raíces
con gravatas de todas as cores*

*estar aquí
coma un círculo vicioso
declararse en ruleta rusa
ao servizo do baleiro*

*non ter mitos nin poetas
de noso*

*só un frío esmagador
recoñecendo o tacto das feridas*

*Deste xeito
médranos a noite
intúese a estricta enfermidade
o inútil corpo xa calado*

*e un depósito de olladas
adoptando a postura da parálise*


vénse todo deter aquí

*xusto na liturxia indigna
da vosa renuncia*



As cruces da Volta dos Nove. Un poema visual antifascista

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO



Na noite do 15 de outubro de 1936, ás tres da madrugada, foron asasinados nove homes da bisbarra do Val Miñor na estrada de Pontevedra a Camposancos, á altura dos Petóns da Bombardeira. Dirixía a escuadra criminal o falanxista e cabo da garda civil Manuel González Pena, acompañado por outros militantes da Falanxe, entre eles un tal Carlos o Carinca. Foi, alén dunha operación militar axustada aos parámetros do programa de exterminio fascista, reacción vingativa pola morte do veciño de Baiona Luis Refojo Mariño. Disparara contra el en acción defensiva un dos irmáns López Luis, homes de esquerdas (Luis, do PSOE e afiliado á CNT, e Pepe, anarquista e ecoloxista) quen, perseguidos e acosados polo cabo Pena e os falanxistas Emilio Carrera González e o devandito Refojo, foron finalmente asasinados.

A resposta do cabo Pena, en aplicación do código represivo do fascismo e estimulado por paixón criminal de cerna propia, foi a escolla aleatoria de nove homes, catro de Baiona e cinco de Panxón, que estaban presos no frontón da rúa María Berdiales de Vigo e foron trasladados a Baiona, torturados e finalmente asasinados a tiros. Carlos Méixome e Xosé Lois Vilar reconstrúen así a escena final: “os falanxistas fixeron baixar os detidos que traían na camioneta. De madrugada, escoitábase o bater bravío do mar contra os Petóns da Bombardeira e os berros amedrentadores dos criminais: ‘todos abajo’. Un a un fóronos matando. Sobre o tronar do mar ergueuse o son dos disparos. Os mariñeiros que regresaban a porto foron os primeiros en dar a noticia”¹

Co amanecer, as leiteiras de Baredo, de camiño para Baiona, toparon cos nove corpos derrubados na beira da estrada. Puideron así entender a mensaxe de calculada constancia que o fascismo transmitía á poboación. Os cadáveres espallados polas marxes de estradas e camiños actuaban, de acordo co macabro código semiótico da

represión, ao xeito de signo exemplarizante e ameaza de dimensión masiva. “Hay que sembrar el terror, tenemos que crear una impresión de dominación eliminando, sin escrúpulos ni vacilación, a todos los que no piensen como nosotros”, ordenara o xeneral Mola.

No quilómetro 58 da estrada Pontevedra-Camposancos, espazo radical coñecido como *A Volta dos Nove*, Lugar de Memoria sinalado desde o ano 2005 coas formas da razón do escultor Fernando Casás, ficaron deitados e sen vida o día 15 de outubro de 1936 os corpos de Manuel Aballe Domínguez, Felicísimo Antonio Pérez Pérez, Elías Alejandro Gonda Alonso, Manuel Francisco Lijó Pérez, Modesto Fernández Rodríguez, Fidel Leyenda Rodríguez, José Rodríguez González, Manuel Barbosa Durán e Generoso Valverde Iglesias.

Desde aquela e até comezos dos anos setenta do século XX, nove cruces trazadas coa punta dun garabullo na terra da beira da estrada de Camposancos pronunciaban día a día os nomes das nove vítimas do cabo Pena e os seus secuaces. Eran nove trazos verticais atravesados por unha única liña horizontal, solución probablemente obrigada pola urxencia. Cumpría resolver con rapidez o deseño lapidario, pois os falanxistas vixiaban, adocido o poder franquista fronte á insultante audacia do autor, da autora das cruces. Ela -fálase dunha muller, talvez nai ou viúva dalgún dos asasinados- teimaba na destemida declaración visual. Os represores borraban unha e outra vez o sinal de denuncia, clandestino, discreto e, mesmo así, inzado cunha carga de rebeldía claramente identificábel. A xente sabía daquelas nove cruces, entendían o seu significado e moitos participaban na intención de resposta política que o texto visual declaraba, clara. Admiraba a afouteza que presidía aquela acción, seguramente realizada de noite, coas sombras da ameaza vixiante a asexar, dispostos a reprimir con violencia extrema a persoa responsábel da contundente contestación.

As nove cruces deseñan un asombroso poema visual de dimensión épica, un extraordinario xesto comunicativo de resistencia contra a ditadura franquista. A autoría anónima e moi probablemente individual transcendeu os seus lindes de singularidade para atinxir carácter colectivo. O pobo asumiu, fixo seu, o sentido daquel radical testemuño. ¿Quen as pintou? Fomos todos, somos aínda todos, a Humanidade contra o Fascismo. É poesía civil de propiedade colectiva que circula polas rutas da tradición. Andado o tempo, masivamente espallada a noticia do proceso constante de valente declaración clandestina e teimosa eliminación das pegadas, a autoría comunal fíxose realidade constatábel. Coñecemos persoas que nas décadas dos 60 e 70, aínda con evidente risco, se achegaron á Volta dos Nove para colaborar co seu trazo na permanencia e revitalización do bravo epitafio. Non importan os nomes. Fomos toda a xente. Aínda somos todos.

Son nove sílabas esenciais, nove bátegas verticais atravesadas pola liña horizontal que as xungue en clave única e dramática de sentido. É un signo de breve e humilde caligrafía sobre soporte terreo cuxo efémero destino resulta superado permanentemente pola voluntariosa resistencia afirmativa da autora, dos descoñecidos emisores. Fronte á vibrante dimensión humana das cruces da Bombardeira, de urxente escrita cursiva que comunica co ritmo sanguíneo da verdade íntima -a dor insuperábel, o desconsolo, a ira xusta- e das certezas da Historia -o xenocidio fascista, o exterminio da democracia republicana-, sitúanse as descomunais cruces violentas dos vencedores, as cruces dos caídos “por la patria y por Dios”, que publicitan en esmagante alegato

de agresión interminábel os nomes dos golpistas. As da Volta dos Nove, como outras manifestacións da memoria clandestina, maiormente familiar e privada, actúantes ou latentes durante as décadas da ditadura, deberon silenciar a identidade dos vencidos. As cruces dos caídos, de repelente estética triunfal, erguen a silueta belixerante do deus vingativo, berran coa voz apocalíptica do imperio católico. No denso discurso elíptico e condensado destas outras cruces de nós, elaborado a partir dos códigos simbólicos que conectan o alfabeto dos petróglifos coa linguaxe contemporánea da poesía visual e situado en territorio moral e ideolóxico antípoda ao dos monumentos relixiosos fascistas, a referencia cristiá do símbolo resulta sobordada polo sentido vital da memoria e a homenaxe e o significado político de resistencia e contestación.

O singular poema visual alonga en ondas de polisemia os seus efectos significativos a partir do seu convencional sentido como marca de lembranza de valor relixioso, sinal que consagra os lugares da morte. O signo universal da cruz representa o sufrimento existencial e sintetiza o diálogo entre principios activos e pasivos, entre a vertical da vida e a horizontal da morte. É figura elemental, silueta antropomórfica, xesto substantivo e atemporal, que moitas veces nace dunha pulsión expresiva espontánea e que vemos repetido como elemento complementario ou central desde as orixes mesmas da linguaxe visual humana.

O trazo horizontal de liña única desfigura a identidade da cruz tradicional. Son nove corpos que permanecen en pé fronte ao gume bestial que os atravesa de parte a parte, fronte ao fío continuo dos tiros que os seccionan. Nove vidas eliminadas, borradas, riscadas cunha raia negra de chumbo. Nove mortes que representan o crime de dimensión absoluta. O rumbo da liña horizontal non ten límites. Continúa o seu avance en labor de ceifa devastadora. É a figura feroz da negación, o xesto terminante que deseña o horizonte do xenocidio. Nove vidas en morte única, a de centos de milleiros de seres exterminados polo fascismo español.

A cruz de nove cruces, malia o trazo horizontal e indivisíbel do crime globalizador, pronuncia tamén un por un os nove nomes, nove existencias que nunca foron esquecidas. Na Volta dos Nove está viva a memoria e a homenaxe constante ás vítimas da banda franquista de Baiona. En cada unha das liñas verticais vibra a tristura, a desolación, a ira de cada unha das familias dos nove homes asasinados o día 15 de outubro de 1936. Pero o poema visual de Baiona manifesta tamén unha clara posición de denuncia política en tempos de implacábel control e represión. Quen se atreveu a permanecer, con risco da propia vida, na escrita daquela contida e explosiva consigna, estaba a emitir un bravo alegato antifascista. Estaba a contestar, en destemida e voluntariosa réplica, a acción censora de quen eliminaba unha e outra vez a memoria dos nove mortos, como antes coutara as súas vidas. A obsesión negadora dos censores fronte a unha acción tan esencial e de tan reducida recepción inicial constitúe unha mostra máis da violenta insaciabilidade do fascismo franquista. Cada vez que borraban as cruces, pretendendo silenciar e ameazar a quen, en declaración de moi modesto formato expresivo, convocaba as vidas de nove mortos e denunciaba o crime, pretendían tamén suprimir a páxina da verdade histórica, a súa propia participación na masacre do 15 de outubro. A irracional teimosía represiva facilitou a difusión da noticia dunha sinxela actividade de resistencia a través dun signo visual que se foi convertendo en mensaxe de ampla recepción e de simbólica e, pouco e pouco efectiva, autoría colectiva.

O poema dos nove fala cos mesmos mortos que convoca. Son eles destinatarios latentes dun proceso comunicativo de imposible resolución. Este é o destino soñado en toda elegía e verbalizado con significativa frecuencia. Fala Celso Emilio con Alexandre Bóveda: “Ti convocache ó día dende a tebra, / amigo morto polo ferro airado...” Miguel Hernández con Ramón Sijé: “Yo quiero ser llorando el hortelano / de la tierra que ocupas y estercolas...”. Luz Pozo Garza con Eduardo Moreiras: “Hai unha longa espera / igual a un rito. Ti chegabas na tarde.” A poesía elegíaca conversa cos mortos queridos, declara o amor que permanece, recupera e garda a memoria da vida. A cruz da Volta dos Nove é poesía elegíaca, unha declaración de amor e, asemade, un laio desesperanzado, un berro contido. Como aquel de Xosé María Álvarez Blázquez en conversa insomne co pai asasinado en Tui quince días despois do crime de Baiona: “Aguardaré la luz en la ventana / y habré de estar así -¡me arde tu frente!- / con un grito apretado mientras viva.”

Pero o carácter de manifestación íntima, de cerna lírica, da lapidaria inscrición, sen agachar a súa tremorosa significación como testemuño do amor familiar, da mágoa insuperábel e da rabia sen lindes, resulta transcendido en dirección de canto épico pola vía expansiva da recepción externa, a dos camiñantes casuais, a dos máis conscientes que se achegaban a ver, a ler, a mensaxe das cruces e a daquelas outras xentes que, de lonxe, escoitaban, coñecían, participaban. Foron, uns e outros, destinatarios implicados, integrantes da irmandade dos vencidos, vítimas da versátil e ilimitada maquinaria represiva do fascismo franquista, atravesados todos polo gume horizontal da cruz.

En decidida resposta de desafío, en actitude de afouto contraataque, o poema a Volta dos Nove dirixese tamén aos asasinados para lembrarlles unha e outra vez a dimensión universal do seu crime. Aínda move a noxe e repulsión o eco que nunca se extingue e que nos chega desde os Petóns da Bombardeira co nome do líder da escuadra criminal: cabo Manuel González Pena. Pero, por enriba da noxenta resonancia, sentimos a vibración da vontade de resistencia activa que, desde xullo do trinta e seis, en acción organizada ou desde a admirábel paixón senlleira de xentes como a autora daquela inscrición, mantivo e mantén viva a loita contra o fascismo. “Carne de testemuño os veigais estercaba. / Xullo, noventa e dous, resistimos, qué pasa. / Os mortos non vingados non coutan a esperanza”, deixou dito para sempre Xosé Luís Méndez Ferrín.

A sorprendente reaparición das nove cruces sobre o chan, reescritas logo de ser borradas un día e outro, noite a noite, magnificamente esquivado o tenso asexo dos falanxistas, fixo nacer a lenda, o texto oral complementario, a lectura máxica. Eran forzas sobrenaturais, acaso a enerxía fantástica das propias vítimas, quen se encargaban da refeitura e mantemento do poema visual, que mesmo resultaba visíbel horas despois de ser eliminado. Non é preciso acudir a interpretacións que desboten a simple, a inmensa bravura humana -que semella, efectivamente sobrenatural- de quen, desde o amor, o sufrimento e a ira, coa conciencia alerta e a vontade firme de dar resposta á violencia insaciábel dos golpistas do 36 e da ditadura franquista, teimou no deseño dun insuperábel poema visual, destemido e rotundo discurso, unha soberbia contribución á loita colectiva contra a impunidad, a negación e o esquecemento do xenocidio fascista, a favor da Memoria. Nove trazos verticais en estoupido multiplicador contra a negra liña horizontal da ceifa devastadora.

Decembro, 2014.

NOTAS

- 1 Carlos Méixome e Xosé Lois Vilar, “A Volta dos Nove. Notas para unha historia da represión franquista no Val Miñor”, en *Murguía. Revista Galega de Historia*, nº 7/8, maio/décembro, 2005.

Poemas da Mariña de Miguel Anxo Mouriño

MARTA DACOSTA ALONSO

O pasado 24 de outubro presentamos en Gondomar, na sede do IEM, o último libro de Miguel Anxo Mouriño, *Poemas da Mariña*, no día das bibliotecas reunímonos para falar dun libro en que latexa a lingua, e para falar dun escritor, dun poeta que se chama a si mesmo, nalgún destes versos, patrialinguado, explícito neoloxismo que reivindicou vivamente para a súa incorporación ao dicionario.

Miguel Anxo Mouriño é un mestre que se entregou con paixón ao labor docente. Exerceu no colexio de Riomaior en Vilaboa e alí dedicoulle moitas horas e atención á biblioteca do centro, unha biblioteca que a día de hoxe leva o nome de Miguel Anxo Mouriño.

Co maxisterio, Miguel Anxo entregouse tamén á poesía. Como el mesmo recolle no seu libro *Onde tanto me teño sementado*: “Non souben nunca se,... son un poeta mestre ou un mestre poeta porque foron estas as dúas actividades con proxección pública máis gratificantes da miña vida. E moi ligadas entre si. O exercicio da docencia ten moito de poeta pois é a palabra a arma que utiliza para labrar os campos virxes da infancia e sen poesía non é posible resucitar na aula unha metáfora da vida necesaria para guiar polo carreiro do futuro.”

En 1987 gaña o premio Lorenzo Varela co poema “Camariña” que logo sería publicado nun cartel de Isaac Díaz Pardo. Escribiu tamén os libros de poesía: *Camariña: sete cruces e unha esperanza*, *E segues a tirarme das entrañas*, *Gondomar de Pablo*, *Versos primos*, *Onde tanto me teño sementado*, libro este en que vén falar dos seus alumnos, alumnos como Pedro e Antón Álvarez, tataranetos de Emilio Álvarez Jiménez, o primeiro escritor en galego da estirpe dos Álvarez que participan no libro con cadanseu prólogo.

Dedicou o seu tempo tamén á literatura xuvenil publicando en Galaxia os libros *Os arriscados*, *Reino ideal*, *As noces do arco da vella*. Ademais é tamén tradutor, e grazas a el podemos ler na nosa lingua o poema “If”, de Rudyard Kipling, e outros libros que agora non sei citar.

E disto todo sabemos porque aparece a súa sinatura, como no libro colectivo *Versus cianuro*, en que se recolle un dos seus poemas. Mais Miguel Anxo Mouriño está

detrás de moitos proxectos que coñecemos, se cadra sen saber que el é o seu motor. Mouriño é o responsábel da sección de Lingua e Literatura do IEM, e é quen procura que o certame literario Conde de Gondomar, que ten dado á luz tantas e tantas obras de mozas e mozos do Val Miñor, continúe en pé. É quen promove e organiza variados eventos culturais aos que asistimos na aula Ponde de Rosas ou no propio Auditorio de Gondomar, como os Días das letras galegas.

E é o dinamizador do recoñecemento da figura de Victoriano Taibo, coordinador da publicación dun monográfico sobre o autor, en que se inclúe un artigo da súa autoría, así como o responsábel da reedición do seu libro *Da agra aberta*, ou do poema *A Tecedeira*. Grazas ao seu traballo creouse o certame de poesía que converteu Morgadáns e Gondomar en punto de atención das e dos poetas galegos, e a entrega do premio Victoriano Taibo en Morgadáns nunha cita agardada do panorama das letras galegas.

POEMAS DA MARIÑA

Hoxe presentáanos *Poemas da Mariña*, un libro que, ao primeiro golpe de ollos, chámáanos a atención pola súa coidada presentación. Lendo o libro acabei de percibir esas tonalidades que nolo presentan e que son acordes ao colorido interior do poemario.

Temos ante nós un libro estruturado en catro partes Azul Intenso, Benvida, Un ano mariñán e O anxo da nosa agarda, unha especie de epílogo en que como nun círculo que non para de rodar saúdase o anuncio da chegada dun compañeiro de xogos, doutro herdeiro do poeta patrialinguado. Nas dúas primeiras partes do libro, atopamos ao inicio de cada unha delas un caligrama, case un debuxo no segundo caso, que concretiza a ambición plástica destes versos.

Poemas da Mariña ábrese cunha Oda, un texto de ledicia e celebración. Esta primeira parte está dedicada a Maricarmen e o propio poeta nos adianta que se trata dunha parte en que fala da voda da nai de Mariña, por iso os poemas queren ser consellos, reflexións, alegría, todo bos desexos e para iso convoca a cor, o son, e todas as palabras capaces de transmitir ese sentimento de ledicia. Ao longo da lectura do libro iremos comprobando como a cor azul aparece ligada ao concepto de futuro, o que está por vir. As cores están moi presentes, así no poema en que se describe a felicidade como unha rosa azul de delicados pétalos e no que se fala da imperfección como uns lentes amarelos que ao final non nos deixan ver a cor real da felicidade e fan que o vexamos todo verde, a vida é verde entón?

O azul que en tanto en canto é portador destes significados convértese nun dos pólos simbólicos fronte ás nubes que nos cobren, o presente de farallóns cortantes, un presente que é “naufraxio anacrónico que nos arrastra cara á nada, o non ser, un misterio gris, extravagante”.

Esta primeira parte que se abre cunha Oda que é un Envío, ten tamén entre os seus inicios un caligrama, o caligrama da Flor do amor, que ten no seu centro a palabra vida. Nesta flor que debuxa para nós o poema, a vida é o centro, unha vida que é converxencia, porque nela habitan os binomios: o arco, que representa o triunfo e a visibilidade, e as columnas, que soportan o seu peso e o fan posíbel, mais non

gozan do privilexio do cume. A nube, promesa de auga necesaria, e o vento, que leva esa auga cara a onde é precisa. Binomio, antítese, ás veces contradición é a vida. Mais binomios que compoñen a vida ao converxeren, ao soar á par como unha soa corda, por iso o poeta compara os binomios co erhu, o violín chinés de dúas cordas. E ao final a converxencia é unha escada sobre a que podemos erguernos para ver a felicidade:

*esa escada-tesoira
que permite asomarse sobre o borde apagado
dos valados de néboa e albiscar
o perfil vagaroso ...
azul intenso, da felicidade*

Este poema está directamente relacionado co seguinte, en que a utilización verbal do futuro non nos impide percibir a seguridade coa que o eu poético afirma que nacerá unha flor de Camariña, e elixe esta flor entre todas as posibeis, será para facernos pensar que estamos ante algo único, propio, de noso? Non esquezamos que a camariña é unha flor representativa para este poeta e que mesmo deu título a unha das súas obras. Como el mesmo sinala por ser a camariña unha flor de noso, como dicíamos, e por representar dalgún xeito a nosa lingua: antes abundante, agora ...

Tamén a felicidade aparece reiteradamente ao longo do libro, sempre insistindo na idea de que é unha quimera, porque a felicidade non é meta ou carreira, senón camiño ou pista. Talvez porque non é un obxectivo a acadar senón algo que debe ser construído día a día.

E chegamos á segunda parte, á Benvida, aquela en que se manifesta o que é para min a cerna do libro. A responsabilidade do legado, aínda que o poeta ao dedicarlle o libro á pequena diga que é a herdeira do que non legou.

Leo poemas intensos que me falan dun tesouro que o eu poético ten que entregar a quen chega, e atopo o eixo do libro, esa transmisión, unha transmisión inmaterial fulcral: a da lingua. O avó-eu-poético que fala desde o texto sitúase a si mesmo como elo do pasado e en tanto que o seu tempo caduca quere deixar a ese futuro azul que chega esta lingua azul e branca, o seu tesouro máis prezado: a súa propia razón de ser, a súa identidade patrialinguada parafraseando o poeta.

*Eu por verte singrar
capitana dun mar azul e branco
daría o meu tesouro de silencio.*

E este tema que vai chegando conforme avanzamos no texto constrúese con versos en que sobrancea o coidado da lingua, versos construídos con palabras que falan da ledicia, da felicidade, nos que escoitamos os cantos dos paxaros ou vemos o amencer, e a lectora repara en que todo iso está anunciado no envío que nos fai o poeta, ese primeiro poema que destaca xa por ser formalmente clásico, un soneto, ma non troppo, pois como tantas veces teñen feito as e os poetas, Miguel Anxo Mouriño rompe o molde clásico ao pechar cada unha da catros estrofas cun verso de arte menor, heptasilábico.

Porque ao reler o poema atopamos nova significación e non podemos deixar de velo xa, como compendio do que o propio libro é: coidado conxunto de mensaxes escritas coa vontade de ser transmitidas: *envíochoas con veste de esconxuro*, e nas que se deposita o seu devezo: *desvísteas con cariño*.

O coidado da lingua e a plasticidade que ás veces acadan os versos dan lugar a xogos tipográficos como o do poema que se move coa onda á que fai referencia: *sexa corrente undosa azul intensa* ou chega mesmo a provocar a confección dese poema flor, ese caligrama inicial de que falamos, ou definitivamente onda infantil do mar en que xa navega Mariña ao abrirse a segunda parte do libro.

Tamén o fonosimbolismo, as palabras postas ao servizo da música do poema: *cara á néboa uniforme informe enorme*.

Leo os versos de Miguel Anxo Mouriño e escoito ecos de autores que foron. E eu non sei se o poeta trae intencionadamente eses ecos ao texto, mais tampouco me importa porque o libro xa é meu, lectora que del me apropio e ao lelo creo un libro novo lido desde a miña experiencia. Por iso son eu a que escoita os ecos de Jorge Manrique cando o poema di:

*canle de camariñas e camelias
dende hoxe ata o mar,
ese misterio*

Ou a que viaxa ás imaxes vangardistas de Manuel Antonio cando leo sobre as andoriñas xiróvagas que ve pasar a capitana. Ou Avilés de Taramancos neses anhos tenebrosos de flamíxera espada que deben ser vencidos, como o paso do tempo, coa cornucopia chea do elixir da vida, que é, naturalmente, as cantigas (outra vez a lingua) que na copa caben.

E por suposto, a lectora lembra a Manuel María ao ler o que considero o poema central deste libro, ese que contén un neoloxismo fulcral, definitorio e definitivo: patrialinguado. Lembro a Manuel María porque este poema me remite a outro poema do chairego, o poema *Verbas a miña nai* publicado en *Mar maior* en 1963, un poema en que se representa a vontade de dignificación da nosa lingua, unha lingua que o pobo mantivo viva e que foi desprezada, por iso quere volverlle á nai, en forma de poema, as palabras que ela lle aprendeu na infancia. E, no libro que nos ocupa, Miguel Anxo Mouriño fala de entregarlle a lingua á neta que xa comeza a falar, que xa comeza a crear a realidade coas súas propias palabras, como diría Gamoneda, constrúe un mundo en que ela, ao capitanear esa nave que avanza por un mar branco e azul acaba por se converter en faro, porque ela é singular, única e propia coma a Camariña, fermosa, cativadora e atraente coma as sereas, sendo ela unha serea atlántica dun mar de esperanza en que converterá en patrialinguados os navegantes errantes, iluminadora das tebras e guieiro coma a torreira, gobernadora da vida e do futuro como a capitana, porque todo iso é: camariña, serea, torreira e capitana que ensaia eufonías e promete tesouros e como nun xogo deseña xa o mundo coa súa lingua:

*Ra, máis, non, can,
chan, xa.*

Porque, finalmente, Miguel Mouriño comparte a mesma idea que Manuel María expresou no poema *A Fala*: “se perdemos a fala non seremos ninguén”, e que en palabras de Mouriño é:

*que cando morre unha lingua
esvaécese unha patria
canda ela*

E o poeta dinos que as verbas nosas que quere escoitar na boca de Mariña son olifantes telúricos e por tanto o seu son chega lonxe, lonxe, vence meigallos. Mais advírtelle á pequena:

*Terás que navegar contra corrente
nesta ría espectral que nos arrastra
cara ao barranco gris*

Uns versos que, sen seren escritos para estes días, acáenlle ben a este presente mingunte. É o que ten a poesía, a capacidade de nomear a realidade, sen importarlle a liña espazo e tempo. Mais hai lugar á esperanza, sempre, e por ela agardamos, como diría Carvalho Calero, e o avó dille á neta: “PERO TI ES MARIÑA, TI ES, MARIÑA” que é o mesmo que afirmar que si, que ela vencerá as tebras e navegará.

Esta foi a miña lectura, condicionada por quen eu son, outra patrialinguada que tamén teima en deixar torreiras e capitáns da lingua para as navegacións futuras. Mais se queredes a palabra directa do autor, só tedes que achegarvos ao blog do mesmo nome: poemas da Mariña. Unha das súas entradas, a titulada herdeira, pareceume especialmente emotiva. E ao lela, volvíñ ao poema que comeza: “e vexo nos teus ollos”, ese que fala de vencer o meigallo antigo e poderoso dunha raíña oculta nun anagrama, porque atopei nel un novo e emotivo significado, que non desvelo porque quero que vaiades ao blog e leades por vós mesmas/os.

E se esta intriga non é suficiente, remato dando lectura a estoutra entrada, que me parece o mellor xeito de rematar esta presentación.

TEIMA

Uns días atrás interrogoume un amigo sobre o uso de certas palabras (misteriosas, dicía el) nestes versos de Poemas da Mariña:

*Neste mundo que habito
patrialinguado,
alumno do poeta mensaxeiro,
has ser a conmatriota
que me descende.*

Faleille de Pessoa, autor de Mensagem, e da súa teima coa lingua que o levou a dicir: Minha pátria é a língua Portuguesa. Eu compártoa, a teima, digo, e síntome

máis realizado ao saber que vou ter descendentes co galego como lingua de instalación.

Esta teima lévame, como tamén levou a Pessoa, a tratar de corrixir o mal uso que se lle dá con tanta frecuencia; e non persigo o autor (ben, é un xeito de falar, non persigo a ninguén) senón a realización. Porque penso que un idioma non pode vivir se non se sente querido e respectado, e iso demostrase falándoo e escribíndoo coa pertinente corrección...

Obradoiro de creación literaria Victoriano Taibo: Desenvolvendo o nobelo

MARTA DACOSTA ALONSO

Aínda non rematara o verán e o responsábel da Sección de Letras do IEM, Miguel Anxo Mourriño, propúxome impartir a segunda parte do Obradoiro de Creación literaria Victoriano Taibo. Agora que o obradoiro xa foi, quero agradecerlle a proposta, pois foi unha experiencia gratificante que rematei botando en falta non ter máis horas por diante para seguir falando de literatura. Mais todo ten un inicio e un final, e bo é rematar con ansia de máis.

Así foi como o día 4 de outubro iniciamos con catorce alumnas e alumnos o segundo Obradoiro de creación literaria Victoriano Taibo. Esta segunda edición tivo por título “desenvolvendo o nobelo”, en referencia á imaxe de que escribir é como achar a punta dun nobelo que logo se irá desenvolvendo.

O obradoiro tivo unha duración de 10 horas repartidas en 7 sesións de hora e media en que, a partir de diferentes textos, procuráronse pretextos para a escrita. A sétima sesión foi unha exposición dos traballos en que as persoas asistentes tiveron a oportunidade de ler os seus textos en público.

Cada sesión iniciábase co reclamo dunha cita literaria: unha carta de Marica Campo para sinalar a importancia da lectura no proceso de escrita creativa; outra de Vitoriano Taibo, da súa correspondencia con Manuel Antonio, para falar dos recursos semánticos na creación do texto; unha cita dos *Retrincos* de Castelao para reflexionar sobre a influencia da experiencia persoal no que escribimos; uns versos de Manuel María para deternos no precioso material co que traballamos, a nosa lingua; unhas palabras dunha entrevista de Riveiro Coello para indicar que non só cómpre imaxinación senón que tamén é necesaria a técnica; as palabras de Luísa Villalta para destacar a importancia do ritmo na creación poética e, finalmente, as de Rosalía, para botar a vista atrás e ver o traballo feito.

Na sesión introducida polas palabras de Taibo, analizamos o fermoso poema da *Tecedeira* recuperado en edición facsimilar comentada polo Instituto de Estudos Miñoráns en 2013. O poema que foi lido e admirado polos asistentes deu pé á creación de cadanseu texto de homenaxe á muller galega, textos en que as avoas e as nais foron retratadas na súa entrega e fortaleza, botando man para iso das personaxes e mitos de Circe ou Penélope, entre outros.

Noutra sesión botamos man da pintura para que un cadro fose a nosa inspiración. Primeiro contemplamos e falamos do cadro “Mathair agus Naoidhneann” (“Nai e neno”, 1942) do irlandés Maurice MacGonigal, para logo traballar co cadro “A Escola de Doloriñas”, realizado por Julia Minguillón en 1941, un cadro que retrata unha escola de ferrado, como así se chamaban, durante unha estancia en Lourenzá da pintora para reporse dunha operación á que fora sometida en Madrid ao perder un seu fillo.

Mais foi na sesión introducida polo fragmento tirado do “Limiar” dos *Retrincos* de Castelao, onde tivemos maior fortuna. Despois de falar destes relatos do mestre de Rianxo, aínda botamos man dos microrrelatos de Camilo Franco publicados no volume *Palabras contadas* e a partir de aí naceron varios microrrelatos, de gran calidade, cos que hoxe queremos ilustrar esta breve recensión.

Grazas a Adela, Ana, Ángeles, Beatriz, Carme M^a, Cristina, Lucía, Juan, Manuel, Marcos, M^a Sendy, María Xosé, Miguel e Pablo por darme unha escusa para falar do que máis me gusta e por aceptar os retos propostos e mesmo superalos notabelmente.

T.O.C. TOC

Ana Castro Rodríguez

Meteu a chave limpamente na fechadura; un, dous, tres, catro e cinco xiros. Porta aberta. Entrou e pechou; un, dous, tres, catro e cinco. Hoxe chegaba tarde a casa, o médico atrasárase coa cita. Nunca soportou que a fixesen esperar.

O salón estaba en orde menos o coxín do sofá. Endereitouno, dubidou e volveuno recolocar... “Así si”. Foi deixar a compra na cociña. Prendeu a luz; un, dous, tres, catro e cinco. Todo estaba pulcramente limpo e ordenado ao milímetro. Sofre por ter que telo así, pero así ten que ser.

Decidiu que xa urxía un baño pois soamente a auga, xunto co seu sacro ritual, a facía sentir unha muller limpa. Con ese devezos abre a porta do seu cuarto e atópase na cama o seu home cunha rapaza. Perplexa olla cara ao chan. O que ve fai que todos os poros da súa pel comecen a transpirar.

Logo pensa: Se polo menos dobrasen a roupa!

E vai directa cara ao baño.

VIDAS SUBXUGADAS

Ángeles Freiría Prado

Cando aquela mañá de primavera saíu da súa casa, sentiase o home máis feliz do mundo.

Aos seus corenta anos tiña todo o que podía desexar: casa de seu, negocio propio, bo coche, boa moto e a fortuna dunha muller e unha filla acabada de nacer que enchían todos os seus pensamentos.

Abriu o portalón do seu taller, acendeu a radio e púxose mans á obra cos seus trebellos de mecánico. Tiña moito traballo programado para ese día pois o anterior dedicáralo coa súa dona a facer as compras para o bautismo da súa princesiña, así que ía pasar alí todo o día para entregar os pedidos previstos, gustáballe cumprir coa súa palabra.

Ultimamente gañara moitos clientes, mesmo estaba pensando en coller un empregado agora que chegaba o bo tempo e a xente comezaba a sacar a pasear os seus variados vehículos de dúas rodas, si, quería estar preparado.

Así foi pasando o día, entre ruidos, novas, clientes, verbas, risas,... e cando o último dos seus seareiros marchou, xa era o lusco e fusco.

Pechou, e subido na súa moto colleu camiño da casa, fora un día longo e quería abrazar a súa pequechiña, así que ninguén se explica que pasou pola súa cabeza cando decidiu non tomar aquela curva e seguir recto cara ó acantilado que daba ó encoro.

MIÑA XOIA!

Carme María Vidal

A clave de sol xurdiu efusiva no pentagrama. Compás 2 por 4. As corcheas comezaron a cantar: DO, RE, MI, FA. Logo as negras: MI, DO. Rexurdiron as corcheas DO, SOL, MI, SOL. A branca en RE. E as corcheas, ledas, volveron soar: RE, MI, FA, LA... A gaita entoou o son. A emoción empurrou as notas e fluíron e fluíron e fluíron.

Agromaron os doces acordes no piano en harmonía, clave de FA. Soa se colocou a tenra melodía. RE, RE díese. MIII. LAA. SOL.SI. O piano soou.

Ollei a partitura xa rematada coas flores colocadas nas súas alturas en espera dunha flor máis anceiada con anhelos de aloumiños.

.....
Na espera. Na antesala. De súpeto uns berros de vida! Alejandro! A miña nova flor. O meu soño. A miña xoia. E velaí o canto de berce. Abullou o título: “Miña xoia!” E a pluma gravou orgullosa a dedicatoria: “Dedicado con todo o meu amor ó meu fillo Alejandro, 26 de novembro de 2005”.

GENGHIS KHAN

Cristina Baladrón

Doíame o pé. Alí, no xardín do albergue agardaba degoirada a miña vez. O médico voluntario abandonara o abeiro do soportal para afincarse na grava branca ignorando o sol omnipotente e inmisericorde. Olleino apalpar, poñer agullas e unturas e parolar cos peregrinos. A listaxe avanzaba paseniñamente. Por fin oín o meu nome e sentei perante del agardando o milagre. Co meu nocello nas mans, auscultoume os ollos mentres turraba riseiro das dedas dos meus pés.

- Es chinesa!

Faloume entón de valentes guerreiros de a cabalo, do clan, do camiño da vida e de Aristóteles. A alma mora nos artellos, dicía o mestre, e ti telos cheos de bágoas. Has de chorar.

Confusa e agradecida despedinme.

A estepa infinda agardaba por min. Pero eu son Genghis Khan.

FÍOS

Lucía Alonso Cameselle

Vaia, oh! Non te podes enfadar comigo por iso! Sabes que non o fixen a mantenta. Es o meu único amigo, tes que entendolo. Vale, si, ela é importante pero contigo comparto máis.

Deiche unha patada no cu. Si, e? Ti déchesme uns broucazos na cabeza. Non pensas que eu tamén me puiden sentir humillado cando todos riron? Pero non me anoxo contigo, porque o fixeches sen querer.

Ademais ao final ela bicoute a ti, non a min. Iso tívocho que compensar en algo, non?

Vimos do mesmo lugar, e sabemos que a nosa existencia non é fácil. Nas horas que pasamos pechados nese cubículo escuro soñabamos co día en que puidésemos saír e ver o sol. Ese día chegou, onte vimos o sol, por fin. Non o estraguemos rifando por quen bateu máis a quen. Se ao final é outro o que decide por nós. É outro o que move os nosos fíos.

Por favor, non te enfades comigo. Ti sabes tan ben coma min que non é fácil a vida dunha marioneta.

SEN TÍTULO

Juan Liñares

Encontrei na praia unha serea. Cantoume cancións das profundidades. A pel sábeme a sal e agora teño paixóns.

NIN UNHA NIN DÚAS

M^a Sindy Pérez Pintos

Naquela casa nunca se comía máis dunha sardiña cada un.

Un día, na praza había moitas sardiñas a vender e ían ben baratas. “Que sorte!” pensou a muller, e contenta mercou tres para cada un, “Hoxe imos quedar ben cheos. Estas sardiñiñas cun pouco de pan de millo que quedou a facer mamá...

Chegou á casa e puxo o peixe ás brasas.

- Mira mamá, que boa compra fixen hoxe! -díxolle á súa nai.

- Pero ti... rapariga... Cando chegue o teu pai... Xa sabes que quere o peto cheo aínda que teña o bandullo baleiro...

Cando chegou o vello mesquiño e viu todas aquelas sardiñas enriba da grella, sen dicir unha palabra colleu unha manda de borralla e botouna enriba das sardiñas.

E aquel día non se comeu nin pan de millo, nin unha sardiña nin dúas.

EDUCACIÓN MULTILINGÜE

Manuel Sánchez Gálvez

Xa está, todo configurado. A miña filla empeza en primaria e cos idiomas, canto antes, mellor. No devedé os debuxos saíranlle en inglés. Automaticamente. O Windows púxeno en alemán, queirámolo ou non, vai ser o idioma do futuro. Para o francés téño no navegador, na Unión Europea segue a ser fundamental. O contestador... deixei no galego, teranos que entender quen chame, digo eu.

- Sonche unha axuda os aparellos estes ¿Óesme filla? Pareces parva mirando pola fiestra.

-¿Que dicías, papi?, É que estaba a escoitar os paxaros cantar no xardín, gustárame tanto comprender o que din.

PROBAR PARA OPINAR

Miguel Ángel Suárez Rodríguez

“Quizais esta é a oportunidade” - *pensei*.

Hai tempo imaxinei este momento, pero sempre estivo moi lonxe.

Foi o destino o que quixo que esta noite, despois do peche, mentres varría os aseos do bar, atopase a bolsiña no chan.

A ignorancia, o medo e a curiosidade fixeron que a collese e lla levase ao meu compañeiro.

¡Vaia sorte!¿Quérela probar? O que non proba non pode opinar - *díxome*.

Sen querer contestar o que pensaba, soamente sorrín.

A soidade da madrugada dáballe a aquel momento a clandestinidade precisa.

Pola miña mente pasaron centos de pensamentos; persoas que opinaban, un anxo, un demo..., ata a miña consciencia me deu o seu punto de vista.

De volta á realidade, na barra do bar, xa estaban dispostas dúas miñocas brancas.

Consciente e inconscientemente bastou unha monoaspiración nasal para lle dar saída a aquel peixe plano de espiña cartilaxinosa.

Agora xa podo opinar...

O EMIGRANTE

Pablo Bonader

Ollou o barco achegarse e notou unha picada no estómago. Grande e parsimonioso comezou as manobras de atraque achegándose pola súa proa ao peirao de carga. Xirouse e díxolle á súa filla:

- Xa vai ser a hora.

A súa filla era nova e posuía unha personalidade moi forte. Sabía que non ía ter problemas para saír adiante. Ela prefería quedar soa e entendíao, aínda que o fixese sentirse como un can abandonado.

- Non se preocupe Pai estarei ben.

Mentres balbucía estas palabras os seus ollos vidrosos ameazaban cun choro inminente. Dende o barco uns tripulantes ataviados cuns monos azuis comezaban a lanzar cabos. No peirao outros homes esperaban os longos para atalos nas súas respectivas bitas.

- Eu tamén filla xa o verás, algún día tiña que tocarme.

Os homes ían zurcindo o barco ao peirao coma se dun pantalón se tratase, os cabos zigzagueantes comezaban a estabilizar aquela inmensidade ata pechar o remendo con outro que ataba a súa popa.

- Sé forte filla, e xa sabes se algún día te cansas sempre podes ir vivir comigo.

- Seino papá.

Todas as persoas comezaban a subir pola pasarela que unía o peirao ao estribor daquel barco. Con desgana e lentitude parecía que eran empurradas polo vento. Xirouse,

abrazou á súa filla e comezou a seguilas. Mentres subía enxergou por última vez aquela baía, unha vida deixaba atrás pero despois de tantos anos ao fin volvía á casa.

DESCONEXIÓN

Marcos López

A escritora Marta Dacosta era a principal sospeitosa e confesou na comisaria que o fixera ó chou, que de informática non sabía nada.

Todo empezara cunha pelexa tediosa co proxector. Tardou en funcionar ata que por fin a presentación cos consellos para facer un microrrelato iluminaron a parede da aula onde impartía o taller literario. Os alumnos estaban a tomar nota cando fallou de novo o aparello e Marta tivera que loitar coa tecnoloxía para conseguir que se proxectase o primeiro consello: “A extensión dun microrrelato non debe superar as duascenas palabras”.

Comentárase este punto entre todos e pasaran ao segundo consello: “O título debe formar parte da historia”. Nada máis ler estas letras os alumnos perderon a visión do que tiñan diante dos ollos. A escritora armárase de paciencia outra vez e sen saber como conseguira que se vise o terceiro consello: “A clave do microrrelato é a sorpresa do final”. Pero o power point reincidira no apagón.

Enfadada decidiu desconectar o proxector e tirou dun cable que a verdade sexa dita non sabía para que era. Entón decatouse. Os seus alumnos transparentábanse e foran desaparecendo un a un.








Nunca máis se soubo deles.

AS NOVAS DO IEM 2014

Texto: Álvaro Agustín Peralta Techera (IEM)

As novas do Iem

IEM

-
- 13-01 
- Preséntase na web do IEM a versión dixital do libro *Actas da VI Xornada de Literatura de Tradición Oral "Historias, mitos e monstros do Mar de Galicia"*, que contén o artigo "Aceite, madeira e boinas. A talasonimia e naufraxios na costa galega" do arqueólogo Xosé Lois Vilar.
-
-  16-01
- O avogado e escritor Xosé Luís Franco Grande presenta o seu libro-ensaio *Outra política para outros tempos* (Editorial Galaxia), na que afonda nunha idea central que propón a vía federal como a "que mellor acaee á situación galega".
-
- 17-01 
- A xornalista Ana Guantes nas TERTULIAS do IEM. No encontro, a periodista fai un repaso pola súa traxectoria en medios do país e aborda varios aspectos da actualidade xornalística. A presentación do faladoiro estivo a cargo da arquitecta Rosa Mouriño (IEM).
-
-  24-01
- O músico Antón Seoane presenta o seu libro-disco *De Voces Ceibes a Milladoiro. Unha memoria do movemento popular da canción galega (1973-1978)*, no que repasa polo miúdo a época que vai dende a aparición da nova canción popular galega ao nacemento de Milladoiro, o grupo folk máis coñecido do país, do que foi un dos fundadores. Estivo acompañado dunha intervención do director do IEM, Carlos Méixome Quinteiro, autor do limiar do libro.
-
- 30-01 
- Mostra científica e faladoiro do enxeñeiro industrial e membro do IEM Jesús Fernández Alonso sobre diversos aspectos da "creatividade".
-
-  31-01
- Argola*, o poemario de Marta Dacosta, que acadou o I Premio de Poesía O Figurante preséntase na Aula de Cultura Ponte de Rosas. Ademais da autora, interveñen a escritora Puri Ameixide e o director da sección de Filoloxía e Literatura do IEM, o tamén escritor Miguel Anxo Mouriño.
-
- 13-02 
- Presentación da nova colección das publicacións do IEM Cadernos Pedagóxicos que se abre co libro *Didáctica da Serra do Galiñeiro*, autoría de Pablo Casal Núñez. O acto celébrase no Centro Cultural da Comunidade de Montes de Vincios (Vincios-Gondomar).
-

18-02 Coloquio con Xulia Alonso Díaz, autora do libro *Futuro imperfecto*, obra extensamente galardoada pola súa valía literaria e valentía vivencial. O acto desenvólvese na Aula de Cultura Ponte de Rosas cunha intervención de Mercedes Espinosa Arévalo, membro do IEM.



O fotógrafo Manuel Sendón é o convidado dunha nova TERTULIA do IEM. No encontro, Sendón afonda na súa traxectoria profesional e aborda varios aspectos de actualidade no eido da fotografía. A presentación do faladoiro estivo a cargo de Juan Chamorro (IEM).

07-03

13-03 O xornalista e colaborador do IEM David Reinero achega un coloquio sobre o accidente de Angrois baseado na reportaxe *Angrois. O AVE en anacos* (Praza Pública&Meubook, 2014), da súa autoría.



Inauguración da mostra fotográfica “Do mar e outras lendas galegas” de Juan Chamorro na Aula de Cultura Ponte de Rosas. A exposición é presentada polo deseñador gráfico e xornalista Pedro Telmo Rodríguez (Valminor.info). A mostra permite transitar por distintas paisaxes do país a través dunha colección de 25 imaxes de 40x30cm.

14-03

20-03 Durante un ciclo de 3 xornadas 12 persoas abordan catas de viños brancos cos técnicos en vitivinicultura Noelia Pérez, David Rial e Juan Chamorro. En cada unha faise unha breve introdución explicativa de cada viño e unha análise sensorial dos mesmos.



Os compañeiros Xosé Lois Vilar e Xilberte Manso participarán da Mesa de experiencias do tecido asociativo nas III Xornadas de Patrimonio Rural organizadas pola Misión Biolóxica de Galicia en Salceda. Presentan o coloquio: “O IEM: 15 anos no estudo e divulgación do patrimonio material e inmaterial do Val Miñor”

03-04

05-04 O IEM colabora cunha serie de palestras nas dúas xornadas da celebración dos Días Europeos da Artesanía 2014 en Gondomar.



11-04 O empresario Rubén Brión achega a súa experiencia á fronte do proxecto hostaleiro “Benboa” en Corrubedo. Emprendemento que de forma pioneira combina os conceptos de cetaria, restaurante e mercado. A presentación do faladoiro está a cargo do botánico Xosé Ramón García no marco das TERTULIAS do IEM.



12-04 Xeira pola Serra do Galiñeiro coas familias e alumnos do IES Terra de Turonio de Gondomar. Percórrense unha serie de lugares e puntos de interese situados principalmente na parroquia de Vincios. Entre eles as estacións de arte rupestre de Agua da Laxe e Santa Lucía, o emprazamento de mámoas das Chans dos Bromús, as covas do Brión e do Demo.

12-04

21-04

O botánico Xosé Ramón García achega unha “Introdución á botánica práctica”, en catro xornadas nas que participan 14 persoas.



O Instituto de Estudos Miñoráns e a Entidade Local de Morgadáns convocan o VII Premio de Poesía Victoriano Taibo - Entidade Local de Morgadáns. Está dotado con 3.000 €, unha peza escultórica do artista miñorán Fino Lorenzo e a publicación da obra premiada na colección Victoriano Taibo do IEM.

22-04







30-05







Visita do enxeñeiro Fernando Aguado Agelet, coordinador do Proxecto aeroespacial Xatcobeo, no marco das TERTULIAS do IEM. No faladoiro, comparte a súa experiencia á fronte deste traballo desenvolvido en colaboración co Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial e o apoio da empresa pública galega Retegal. A presentación da TERTULIA está a cargo de Xosé Antonio Vilán Vilán.



14-05 Un grupo de nais e pais da ANPA do CEIP Souto Donas organizan unha mesa informativa sobre a problemática da utilización de bandexas plásticas nos comedores escolares. Consta da proxección dun documental, intervención de nais e pais do CEIP Souto-Donas e unha representación dos pediatras do Val Miñor.

14-05

| | | |
|---|--|--|
| 15-05 | <p>Presentación do libro <i>A voz quebrada. Da memoria histórica e do terror fascista</i>, de Xosé María Álvarez Cáccamo, a cargo do autor e acompañado polo director do IEM Carlos Méixome. Editado polo IEM, a obra forma parte da colección Letras da Groba.</p> |  |
|  | <p>Día das Letras Galegas. Espectáculo poético-musical: “Adiante con Díaz Castro” no Auditorio Municipal de Gondomar “Lois Tobío”. Actuación de Héctor Lorenzo e Santi Cribeiro con concerto titulado “Un paso (sempre) adiante”, con poemas musicados (de Díaz Castro e outros), complementado cun recital a cargo de persoas relacionadas co mundo da cultura e con Gondomar. Conduce: Marta Dacosta</p> | 18-05 |
| 22-05 | <p>Inauguración de “Cinzas”, mostra plástica de Ramón Trigo, presentada polo músico Alfredo Dourado.</p> |  |
|  | <p>Estrea da curta documental “Auga, Terra, Aire ... (A Bolsa)” dirixida por Pablo Casal e realizada por Ollo-mol Audiovisual. O acto conta coa presenza de Pablo Banga (fotografía e edición), Pablo Casal (guión e dirección) e presentado por Pedro Telmo Rodríguez, publicista e director do xornal Valminor.info.</p> | 23-05 |
| 30-05 | <p>Irene Pérez Pintos e Rodrigo Pérez Pintos presentan a súa novela ilustrada <i>O gabinete das marabillas de Arxentino da Rocha Alemparte</i> (Xerais, 2014). A presentación ten lugar nun marco especial pois desenvólvese na Aula de Cultura Ponte de Rosas, onde se atopa a mostra “CINZAS”, do artista Ramón Trigo, ilustrador desta obra literaria dos irmáns Pérez Pintos.</p> |  |
|  | <p>Xeira da Cruz de Pau ata O Chan do Cereixo. Un paseo por vellos camiños de arrieiros, de xente que ía ao monte á procura dos materiais que precisaba para vivir, xa fosen laxes e pedra, estrume, leña ou tralo gando que ceibe apacentaba nas penichairas da Calzada e As Chans, ou nos cumes do Corno Ladredo, As Teixugueiras, ou O Campuchán. Camiños de contrabando e trasfego de xentes que viñan dende as augas do Miño ata o punto de saída desta xeira, A Cruz de Pau, lugar de encontro e de xuntanza para tomar acordos.</p> | 02-07 |

- 09-07  Xeirás Marítimas con saída no porto de Baiona con destino á Ría de Baiona, Illas Cíes, a costa de Oia e a Costa da Suavela. Desenvolvéronse os días 9 e 23 de xullo, 6 e 20 de agosto respectivamente cunha pasaxe próxima ás 200 persoas cada un. Na primeira delas tivo lugar unha transmisión en directo por streaming.
-
- 17-07  Xeira do IEM por Mañufe: das Escolas Pro Val ao Pazo de Moldes. Coa guía do arquitecto Antonio Soliño e o historiador Carlos Méixome, coñecemos antigos camiños, construcións senlleiras civís e relixiosas localizadas na parroquia de Mañufe, aínda tamén na veciña Vilariño en territorio de Nigrán.
-
- 20-07  Acto conxunto das asociacións galegas integradas á Iniciativa Galega pola Memoria Histórica en San Simón. Este ano o Día da Homenaxe ás Vítimas do Franquismo estivo dedicado á viaxe a Galicia do Relator especial da ONU para a Verdade, a Xustiza, a Reparación e as Garantías de Non Repetición, que tivera lugar por parte do Sr. Pablo de Greiff en xaneiro de 2014.
-
- 30-07  Xeira do IEM Noite de Estrelas e Lobos. Actividade desenvolvida na Chan da Lagoa (Serra da Groba -Baiona). Cunha participación de máis de medio milleiro de persoas, visitamos un vello foxo de lobos (O Foxo Pedriño) e, coa axuda dos asistentes, “demos caza ao espírito do lobo” que metía medo aos vellos habitantes e gando da nosa Serra da Groba. Logo, Julio Pereira Neiva, membro da Agrupación Astronómica Rías Baixas, falou do ceo do verán no marco da previa ás históricas Bagoas de San Lourenzo (Perseidas).
-
- 13-08  Xeira do IEM polo legado medieval na parroquia de Parada e centrada na figura de Sueiro Iáñez, coa guía do arquitecto Antonio Soliño e o historiador Carlos Méixome.
-
- 14-08  Palestina, a terra das laranxas tristes. A visita á Aula de Cultura Ponte de Rosas do profesor da Universidade An-Najah (Nablus-Palestina) Moncho Iglesias Míguez permitiu a un centenar de veciños achegarse de primeira man á vida cotiá das mulleres e homes que habitan Palestina.

Audición musical no Pazo do Conde de Gondomar coa dirección de Manuel López Benito. O cisne de Camille Saint-Saëns puido verse na fonte central do patio de armas. E Praga estaba alí, ao final dunha ruta que dende esa fonte se abriu camiño cara ao Moldava que inspirou a Bedrich Smetana no seu Má Vlast. Todo iso e moito máis ocorreu no interior dos muros do Pazo do Conde de Gondomar nunha fermosa velada con Manuel López-Benito.

21-08



Xeira Gondomar no Antigo réxime. Visita guiada polo arquitecto Antonio Soliño Troncoso pola armazón urbana da vila de Gondomar a través dos testemuños aínda vivos da arquitectura da segunda metade do XIX e primeira metade do XX.

22-08

Xeira “A arquitectura de Bar Bóo en Gondomar”. Tras unha introdución á obra arquitectónica de Xosé Bar Bóo desenvolvida polos arquitectos Antonio Soliño e Rosa Mourriño, realizamos unha visita guiada pola vila de Gondomar co obxecto de apreciar edificios e construcións proxectadas por quen fora arquitecto municipal do concello nos anos 60 do século XX.

03-09



Alfredo López “Tokio”, presenta o libro de banda “A causa do crime”, da súa autoría. Obra de ficción de importante carga política, que publicou inicialmente por entregas en 1987, no xornal A Peneira. Recuperada agora con nova aparencia gráfica e argumento ampliado, supón unha ollada xenuína ás inxerencias de boa parte da sociedade galega dos oitenta.

05-09

Xeira nocturna “Amoedo Lenda en Pedra”. A freguesía de San Sadurniño de Amoedo (Pazos de Borbén), agocha un conxunto arqueolóxico integrado por 22 mámoas e preto de 60 petróglifos, a maioría deles representativos da arte rupestre abstracta. En coordinación coa Comunidade de Montes de Amoedo organizouse unha xeira divulgativa deste patrimonio coa colaboración do IEM e a guía do arqueólogo Xosé Lois Vilar.

05-09



Curso fotografía con Pilar Abades e Vitor Vaquero. Trinta e catro persoas participaron desta actividade de introdución á fotografía e a edición dixital de imaxes. O obradoiro tivo lugar durante 6 sesións de dúas horas cada unha.

11-09

Presentación REM 12-13. Coa condución de Xulián Maure Rivas, membro da Xunta de Goberno do IEM, presentouse o novo número da Revista de Estudos Miñoráns na Aula de Cultura Ponte de rosas. Durante a presentación tivo lugar un concerto do músico Fernando Blanco, e as intervencións de parte dos autores do anuario.

12-09



Presentación do libro *Dun lago* escuro de Marta Dacosta. O poemario, gañador do Premio Johán Carballera 2013, foi presentado pola autora, acompañada polos escritores Miguel Anxo Mouriño e Pedro Feijoo Barreiro

19-09

24-09

Xavier Vence e Xan Carballa presentan o libro *Temos dereito a un futuro distinto. Conversas con Xavier Vence* (Engaiolarte, 2014) no IEM. Obra centrada nunha profunda entrevista do xornalista Xan Carballa ao economista e portavoz nacional do BNG, Xavier Vence.



Inauguración da mostra “Calendoscopio” de Vicente Prego. Abrangue unha selecta escolma da súa obra. Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo e graduado na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago de Compostela, a súa traxectoria artística estivo ligada nos seus comezos á Galería Trinta de Santiago.

26-09

27-09

Homenaxe veciñal a Javier Alonso Salgueiro “O Mozo da bandeira”. A veciñanza de Chaín e outras parroquias gondomareñas deciden recuperar a memoria dun dos fornecedores da vida social e as prácticas comunitarias en Gondomar. Unha mostras coa súa biografía, e un libro coordinado por Carlos Méixome e editado polo IEM, sumáronse ás actividades culturais desenvolvidas.



Cine e Memoria II. O ciclo “Cine e Memoria II”, achega ao Val Miñor os últimos traballos documentais e de investigación en materia de Memoria Histórica. Congrega directores, produtores e protagonistas dos cinco títulos que acolle o ciclo. Películas que abordan desde diferentes miradas o tema da recuperación da memoria familiar (O segredo da Frouxeira), a vida clandestina nos monte de fuxidos e guerrilleiros (O meu nome é Luis “Ferreiro”), os masacres colectivos (La Saucedá. De la Utopía al horror), a represión ás mulleres da resistencia (As silenciadas), e un documental de especial pegada na historia recente do Val Miñor, A Volta dos Nove.

26-09



Presentación do libro Álvaro Cunqueiro. Trinta poemas. Selección, introdución e comentarios, de Camiño Noia. Revisión crítica da poesía da madurez do escritor de Mondoñedo na que a profesora Noia propón unha interpretación sobre a íntima relación do autor coa súa obra. Miguel Anxo Mouriño conduce o acto de presentación da obra coa presenza da autora e de César Cunqueiro (fillo do poeta).

03-10



Unha ducia de persoas participaron nos meses de outubro e novembro no II Obradoiro literario Victoriano Taibo: “Desenvolvendo o nobelo”. Ao longo das distintas sesións a condutora, Marta Dacosta, procurou ofrecer motivos de reflexión literaria e pretextos para construír poemas e textos narrativos. Unha mostra dos mesmos foron editados como libro dixital polo IEM.

04-10



Xeira pola Serra do Galiñeiro coa ANPA e alumnos do CEIP Chano Piñeiro. Andaina na que tamén participarán mestres e familiares e cuxo obxectivo como sempre será a posta en valor do noso patrimonio. Nesta instancia a compañeira María Lemos (coordinadora destas saídas didácticas), conta coa colaboración do profesor Pablo Casal, autor de *Didáctica da Serra do Galiñeiro* (IEM, 2014).

11-10



Homenaxe Volta dos 9. O domingo 19 de outubro, ás 12:30 horas, tivo lugar unha sinxela homenaxe ao redor do monumento “Volta dos Nove”. Un ano máis, familiares, veciñas e veciños lembramos a memoria dos nove miñoráns asasinados pola represión franquista na madrugada do 15 de outubro de 1936, á altura do quilómetro 58 da estrada Baiona - Camposancos.

19-10



Homenaxe vítimas do franquismo en Sober. Carlos Méixome Quinteiro, director do Instituto de Estudos Miñoráns, participou nunha mesa redonda sobre a represión en Galicia xunto co investigador Xurxo Ayán Villa.

25-10



O profesor Xulián Maure inicia un obradoiro de Paleografía Medieval Galega co obxectivo de formar un grupo de lectores de textos medievais referidos ás terras do Val Miñor.

04-11

Ciclo de catas de viños tintos de Galicia e Portugal a cargo dos técnicos en vitivinicultura Juan Chamorro e Noelia Pérez. En cada sesión probáronse 3 viños das DO Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra e diversas rexións de Portugal. Instancia na que participaron 15 persoas.

05-11



“Introdución á música clásica e á ópera con audicións comentadas”. Actividade matinal co musicólogo Manuel López Benito na Aula de Cultura Ponte de Rosas.

06-11

TERTULIA do IEM co Luís Villares Naveira. Seis preguntas centran este diálogo co maxistrado: Utiliza o Estado o poder dun xeito ilexítimo? Utilízanse as reformas da administración de xustiza para evitar o control xudicial sobre os outros poderes do Estado? É posible o acceso da cidadanía a unha xustiza universal, gratuíta, achegada á cidadanía e imparcial? É posible unha xustiza xusta? Como nos afectan á cidadanía as reformas xudiciais? Preténdese xustiza ao servizo da xente ou ao servizo dos outros poderes?.

07-11



Entrega do VII Premio de Poesía Victoriano Taibo - Entidade Local de Morgadáns. Nunha edición onde se acadou a participación de máis de medio centenar de obras, o xurado acordou declarar gañador da convocatoria deste ano o poemario *O caderno amarelo*, da que é autora Lara Rozados Lorenzo.

15-11

Sinatura do convenio entre a familia de Victoriano Taibo e o Instituto de Estudos Miñoráns que rexerá a custodia do fondo documental que abrangue gran cantidade de manuscritos, correspondencias con persoeiros da cultura galega, primeiras edicións das súas obras, recolleitas de vocábulos en todo o territorio, así como diversa documentación que permitirá un mellor estudo e divulgación deste persoeiro e a súa achega á cultura do país.

27-11



Inauguración da mostra fotográfica “I T I N E R A N C I A (S)”, de Santi Vega. A colección de Santi Vega vén de ser seleccionada pola Fundación AENA para o seu catálogo de fotografía 2014, no marco do Premio Nacional que outorga a institución. Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, dende o 2012 a súa obra forma parte da galería About Art de Pontevedra. Para os miñoráns e miñorás, a figura de Santi é moi próxima pois exerceu ata hai pouco o sacerdocio fronte das igrexas parroquiais de Camos, Priegue e Parada, onde acolleu xerais e eventos organizados polo IEM no eido da difusión do patrimonio cultural.



28-11

Recollida de topónimos na parroquia de San Xoán de Panxón (Nigrán). A estudante Beatriz Pérez González comeza o traballo de campo na parroquia na procura de informantes que acheguen os nomes dos lugares desta zona do Val Miñor. A actividade desenvólvese tras a sinatura dun convenio do IEM co IES Primeiro de Marzo para a realización da formación en centros de traballo co alumnado de FP.

01-12



TERTULIA do IEM con Xurxo Souto. Dende A Coruña veu Xurxo Souto que nos regalou o seu tempo nunha TERTULIA que puido xirar arredor da música galega, ou sobre o mundo da radio pero decidiu que versase sobre o mar das nosas mil ribeiras, presentando o seu último libro *Contos do mar de Irlanda* editado por Xerais neste 2014 e que xa vai pola terceira edición.



12-12

**CATÁLOGO DE
COLABORADORES E
COLABORADORAS**

ÁLVAREZ CÁCCAMO, JOSÉ MARÍA

(Vigo, 1950)

Desde 1973 é profesor de ensino secundario en Vigo, actualmente xubilado. Actualmente reside en Vilaboa. Escritor traducido a varios idiomas e distinguido polos Premios da Crítica tanto de Galicia como de España, as súas obras chegan a todos os campos da literatura: poesía, novela, teatro, crítica literaria ou ensaio. Tamén está presente na xestión literaria como na Asociación de Escritores en Lingua Galega, no “Foro da Cultura” ou en “Esculca Observatorio para a defensa dos dereitos e as liberdades”. Participou en varios consellos de redacción como Galicia Literaria, Faro das Letras ou Grial. A súa inxente produción pode verse na páxina da AELG: <http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/xose-maria-alvarez-caccamo>.

CHAO REGO, RAMÓN

(Vilalba, 1935)

Xornalista, escritor e músico, emigrou a Francia en 1956 onde foi responsable en Radio Francia Internacional da emisións en galego e xefe de servizo para América Latina. É colaborador dos xornais *Le Monde* e *Le Monde Diplomatique*. En 1991 foi nomeado “Cabaleiro das Artes e das Letras” polo Goberno de Francia en premio ao seu traballo na prensa e na televisión francesa. É irmán do escritor galego Xosé Chao Rego (1932-2015) e pai do cantante Manu Chao. Autor de obras

como *Après Franco, l’Espagne* (1975), *El lago de Como* (1982), *Mano negra* en Colombia (1994) ou *O camiño de Prisciliano* (1999). En 1985 creou o “Premio de Novela Curta Juan Rulfo”.

DACOSTA ALONSO, MARTA

(Vigo, 1966)

Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago, realiza a tese de licenciatura sobre sintaxe do galego medieval (estruturas coordinadas). Publica artigos sobre sintaxe das cantigas, toponimia costeira, confección de vocabularios da caza e da pesca e reseñas sobre literatura en *Cadernos da Lingua Galega*, *Eubalaena*, *Diario 16*, *A Peneira* e *A festa da palabra silenciada*. Autora da guía de lectura X. L. Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias*. Coautora dos libros de texto de Bacharelato (Lingua Galega) de *A Nosa Terra* e colaboradora do seu semanario. Como poeta ten publicados cinco libros e recibiu varios premios literarios, entre os que cabe citar o González Garcés (1995) ou o Martín Códax (1998). É membro da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Dende 1998 reside no Val Miñor. É Profesora de Lingua e Literatura Galega no IES de Tomiño.

GOCE, LULA

(Baiona, 1976)

Creceu entre aires salobres, morriña, percebes e poalla. Aos 18 anos mudouse a Sala-

manca onde se licenciou en Belas Artes, na especialidade de pintura.

Tras vivir uns anos en Barcelona, onde continúa os seus estudos como artista visual e estuda Deseño Gráfico na BAU e ilustración na Escola de la Dona, realiza un Master e un Doutoramento de creación artística na Universidade de Barcelona, así como varios cursos en centros de produción artística como Hangar Barcelona ou Matadero Madrid. En 2011 retorna a Galicia, a súa terra natal, onde establece a súa base de operacións.

Durante este tempo participou en festivais de arte e exposicións, colectivas e individuais, arredor do mundo. Tamén en intervencións en centros de arte en territorio nacional, como a Casa das Conchas en Salamanca, Matadero en Madrid, o Centro de Arte Santa Mónica en Barcelona, Miquel Casablanca ou o CCCB, tamén en Barcelona, ou internacionais, como o Museo Diego Rivera en Guanajuato (México), ou o MARCO, museo de arte contemporánea, en Monterrey, México. DDR projects Gallery en Long Beach, LA. ou Inoperable Gallery en Viena. Realizou murais de gran formato en diferentes partes do mundo, como Monterrey, Barcelona, Madrid, Coimbra, Vigo, Viena, Bélxica,...

Gañou premios como o Novos Valores'11, bolsas de produción e taller, como A Escocesa en Barcelona, o Premio Talens 2002, Premio San Marcos 01 e o terceiro Premio da Fundación Araguaney. Tamén foi selecciona-

da en numerosos certames de Arte, como o BAC en Barcelona, a Nit Casm ou recentemente NWW, North West Walls en Bélxica, comisariada por Arne Quince.

O seu traballo e a súa vida sempre estiveron vinculadas á arte, traballando como deseñadora gráfica ou realizando colaboracións e producións con asociacións como a AAVC de Cataluña, o festival LOOP de Barcelona, ou proxectos didácticos para centros de arte, como a Fundación Barrié en Vigo. Comisariou proxectos artísticos como Crat Art en Caminal, Barcelona. E traballou como ilustradora en revistas como Esquire Magazine. Foi profesora de Ilustración e deseño gráfico na Universidade ESERP en Barcelona, ou na escola universitaria Felicidad Dulce. Tamén traballou na industria do cinema colaborando con algúns dos máis importantes Directores de Arte da escena do cinema español, como Antxón Gómez ou Marta Villar.

O seu traballo é polifacético, movéndose entre a intervención, a instalación e o debuxo, en gran medida definido pola economía de medios e o uso da liña sobre fondos brancos, con atmosferas asépticas, onde os personaxes e elementos flotan en ambientes case oníricos. Noutros, a incursión da cor toma toda a importancia sobre certos elementos que conviven coa liña. Actualmente o seu traballo está destacando na intervención mural de gran formato en medianeiras de cidades e paredes do espazo público.

GARCÍA MARTÍNEZ, XOSÉ RAMÓN

(Pontevedra, 1950)

Licenciado en Ciencias Biolóxicas pola USC. Catedrático xubilado de I.E.M., vive no val Miñor desde 2002. Ademais de publicar diversos artigos de contido pedagóxico participou na redacción dos primeiros libros de texto de Ciencias Naturais para 1º e 3º do vello BUP (os primeiros textos para este nivel feitos para Galiza e desde Galiza). Só ou en compañía doutros publicou unha trintena de artigos sobre taxonomía e coroloxía de plantas galegas. Resumo destas investigacións son os libros Pequena Flora de Galicia (1979), Guía das plantas con flores de Galicia (1990) e Guía das plantas de Galicia (2008).

Desde a súa incorporación ao IEM é coordinador de Xeiras e membro da Xunta de Goberno. É premio "ANTÓN LOSADA DIEGUEZ", VII Edición, 1992.

LOPEZ FERNANDEZ, ALFREDO (TOKIO)

(Vigo, 1964)

Doutor en Bioloxía pola USC, cetólogo e debuxante especializado en ilustración científica. Participou en varios volumes da Colección Fauna Ibérica (Museo Nacional de Ciencias Naturales, CSIC), sendo o ilustrador da primeira descrición da especie *Vulcanoptopus hydrothermalis*. Participou tamén en *A Natureza ameazada* e o *Atlas de vertebrados de Galicia* (Consello da Cultura) ou o *Vocabu-*

lario das Ciencias Naturais da Xunta de Galicia. Responsábel da Guía de identificación de cetáceos e outros materiais divulgativos da CEMMA. Ilustrou flora africana para o Departamento de Botánica de Farmacia (USC). Actualmente participa en proxectos de Educación Ambiental e Divulgación Científica na Universidade de Aveiro.

Colaborador do *Sermos Galiza* e autor das *Bandas Deseñadas: Cabana de Balieiros e A causa do crime* (Demos Ed.).

LORENZO, FINO

(Baiona, 1962)

Artista plástico e ilustrador. Ven expoñendo o seu traballo desde o ano 1987. Como ilustrador publicou máis de trinta títulos, dos que compoñen *Ondas de verde e azul*, Edicións Xerais. Vigo. 1994. *Iría e a lua*, Edicións Xerais. Vigo. 1997. *Os nosos versos*. Antoloxía poética. Anaya. Madrid. 1997. *Cuentos de Grimm*, Anaya. Madrid. 1998. *Contos maravillosos III*, Edicións Xerais. Vigo. 1999. *Mermelada de fresa*, Anaya. Madrid. 2001 (I Premio Certámen Internacional de Álbum ilustrado Ciudad de Alicante, 2001) *Pequena mitoloxía de Galicia*, Edicións Xerais. Vigo. 2001. *Lorenzo Varela*. Biografía e antoloxía, Edicións Xerais. Vigo. 2005. *Adiviñanceiro popular galego*, Edicións Xerais. Vigo. 2007. *A vida secreta de María Mariño*, Edicións Xerais. Vigo. 2007. *Palabras brancas*, Edicións Xerais. Vigo. 2008. *Bolboretas no papel*,

Tambre. Vigo. 2008. Biblioteca Edgar A. Poe. Contos. (Catro volúmenes). Cumio. Pontevedra. 2009. Ao pé da Laxa da Moa, Edicions Xerais. Vigo. 2010. O gato con botas. Cumio. Pontevedra. 2010. Recendos de aire sonoro, Edicions Xerais. Vigo. 2011. As redes de Inés, Edicións Xerais. Vigo. 2014.

MANSO DE LA TORRE, XILBERTE

(Ourense, 1958)

Realizou os primeiros estudos e o bacharelato no Colexio Cardeal Cisneros de Ourense, onde era director Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”, que deixou nel unha fonda influencia. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade de Psicoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor no ensino secundario no IES Escolas Proval de Nigrán noutra das especialidades as que lle dedicou unha parte importante da súa vida, a Educación Física e o deporte. Adestrador de varias modalidades deportivas, dirixiu Escolas deportivas e Clubs de Ourense e Vigo no deporte do Hockei Herba, nos que ligou, hai xa trinta anos, a Psicoloxía ao deporte, por aqueles tempos algo novo no noso país. Ten participado no asociacionismo veciñal ourensán. Retirado do deporte competitivo, participa no asociacionismo cultural dende a xunta do goberno do IEM e das seccións Arqueoloxía, Etnografía e Ciencias Naturais. Reside en Panxón, Nigrán.

MAURE RIVAS, XULIÁN

(Vigo, 1941)

Doutor en Filosofía e Letras. Foi profesor de Lingua e Literatura castelás no IES “Val Miñor” de Nigrán do que foi director durante varios anos. Presidiu a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixiu a Biblioteca Virtual *www.bivir.com*, promovida por el no ano 2000. Foi fundador de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Publicou diversos estudos, en revistas especializadas, sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre outros *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), e a súa tese doutoral *Para unha escriptoloxía da lingua galega*.

Reside dende hai tres décadas en Nigrán. É membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoráns.

NAVAZA BLANCO, GONZALO

(Lalín, 1957)

Escritor, tradutor, estudoso da toponimia, actor de teatro e profesor na Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo. Doutor en filoloxía coa tese *Fitotoponimia galega*, de recente publicación.

Actualmente vive en Peitieiros (Gondomar). Como literato destacan a *Fábrica Íntima*, *Erros e Tánatos*, *Libra*, *A torre da derrotA*

(poemario en versos palíndromos), Santos e defuntos e Elucidario. En 1997 tivo un grave accidente automobilístico, co trauma do accidente aínda fresco na retina e na mente, recibiu un premio do Arcebispo San Clemente, polo seu libro Erros e tánatos. Outros premios que gañou foron o Premio Martín Códax (Libra, 2000), o Premio da Crítica Española (Fábrica Íntima, 1991 e Libra, 2000), Premio Eusebio Lorenzo Baleirón (Fábrica Íntima, 1991).

Traduciu grandes obras e éxitos de vendas ao galego, como por exemplo, A chamada da selva de Jack London. Traduciu tamén obras de Georges Perec e Robert Graves. Recibiu o Premio Ramón Cabanillas de traducción literaria en 1989 pola súa versión para o galego de O can dos Baskerville de Conan Doyle. Dirixiu a elaboración dos dicionarios de galego da editorial Xerais no ano 1988, chegando a crear o máis vendido da historia do galego (O pequeno Xerais). Como docente, impartiu cursos de galego para emigrantes en Basilea e de lingua e literatura galegas en Salvador na Universidade Federal da Bahia, (Brasil).

Lexicógrafo e especialista en toponimia e antroponimia, é membro da comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. Participou no recente II Congreso de Onomástica e preside a Asociación Galega de Onomástica.

Como internauta, é o autor dun magnífico website titulado E TI O NAVÍO NA NOI-

VA NOITE, unha páxina chea de literatura, creación e bo humor. Nel poderás encontrar o Panteón de Lalinenses Ilustres, a sorprendente sección de Palíndromos (palabra ou texto que se le igual de atrás para adiante e de diante para atrás), gozar dos seus últimos traballos narrativos e consultar unha sección literaria, “Furabolos”, constantemente actualizada polo autor, que achega links ás obras e autores máis importantes da literatura mundial, incluíndo linguas, ademais do galego, como o inglés, francés, portugués, catalán, alemán, castelán, etc...

PERALTA TECHERA, ÁLVARO AGUSTÍN

(Montevideo, 1964)

Xornalista. Redactor do portal valminor.info (AMEGA). Documentalista. Director e guionista do filme “Es esa foto” (Uruguai, 2008). Membro colaborador da Radio Comunitaria Piratona, FM 106.1 Vigo. Membro e colaborador do Instituto de Estudos Miñoráns.

PEREIRA, NATALIA JORGE

(Torrón, Tomiño, 1982)

Licenciada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Compaxina o seu traballo como investigadora coa súa dedicación á política local. Nos últimos anos tense centrado de xeito exclusivo na historia microterritorial con achegas sobre a emigración, o agrarismo e as relacións transfronteirizas na primeira metade do século XX.

As formas de comportamento campesiño, a transmisión da memoria e as relacións sociais no mundo rural son parcelas da historia centrais nos seus traballos. As súas análises beben directamente da antropoloxía e da socioloxía a través das cales busca desentrañar o devir da historia.

Actualmente prepara o Tralaballo Fin de Máster sobre o contrabando en Tomiño.

PEREIRA MENAUT, XERARDO

(Compostela 1946 - 2015)

Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Valencia, doutorouse na Universidade de Barcelona, comezando a súa actividade docente, como profesor numerario, na Universidade de Valencia e ampliando a súa formación en Alemaña, como Bolseiro Humboldt na Universidade de Heidelberg. Menaut foi despois profesor Agregado na Universidade de Oviedo e, no ano 1980, pasa a formar parte do cadro de persoal docente e investigador da Universidade de Santiago, tamén como profesor Agregado, para acceder en 1983 á Cátedra de Historia Antiga.

Participou e dirixiu numerosos proxectos de investigación, entre os que destaca A Economía Política dos Romanos (1993-2003). Nos últimos anos a preocupación de Xerardo Pereira polo estudo e a conservación do territorio era constante, como pode verse na súa *La tierra y los hombres. Paisaje político, paisaje histórico*. Era un loitador contra o feísmo e

contra a destrución da paisaxe que -segundo opinaba- “era a destrución da identidade do país”.

O máis importante da súa obra pode verse consultando Dialnet en <http://dialnet.unirioja.es/servlet/autor?codigo=104140>.

RATEL, ANXO

(Baiona, 1984)

Cursou estudos de Filoloxía Galega na Universidade de Vigo. Deuse a coñecer como poeta na propia universidade sendo gañador do segundo premio de poesía no 2008 co poemario *Tempo de andrómenas*; do primeiro premio no 2009 co poemario *Quizás* no infortunio, que se fai eco das desfeitas urbanísticas e culturais da vila de Baiona; e do segundo premio no 2011 pola obra *A contrafío*, conxunto de poemas dedicados aos palmeiros no conflito de principios dos noventa. Foi, ademais, premio de poesía no 2009 da asociación cultural Rosalía de Castro de Cornellá polo poema titulado *A última ecolalia do Ferreiro do Burgho*, onde, en primeira persoa, fala un dos asasinados na Volta dos Nove.

REY CASTELAO, OFELIA

(A Estrada, 1956)

Estudou Xeografía e Historia na Universidade de Santiago de Compostela, titulación na que obtivo Premio Extraordinario de Licenciatura primeiro e de Doutoramento despois; actualmente é catedrática de Historia Moder-

na na Facultade de Xeografía e Historia desta universidade dende 2002. Foi directora da revista Obradoiro de Historia Moderna (1990-2005), responsable para a Europa Mediterránea da International Commision of Historical Demography, e directora de estudos na École des Hautes Études en Sciences Sociales en París nos anos 2004 e 2005. É enormemente prolífica na publicación de ensaios individual ou colectivamente, en castelán, galego e francés, así como en relatorios, conferencias, colaboracións en revistas, dirección de teses, de proxectos de investigación, etc. A Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia outorgoulle en 2011 o Premio María Josefa Wonenburger de Investigación.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, AFONSO

(Vigo, 1968)

Técnico Superior en Organización e Xestión de Recursos Naturais e Paisaxísticos. Actualmente está a cursar o Ciclo Superior de Educación e Control Ambiental.

Entre outras ocupacións, ten exercido como educador ambiental e guía de interpretación do patrimonio, auxiliar en escavacións arqueolóxicas, e traballador forestal en diversas empresas e comunidades de montes. Actualmente compaxina o traballo de monitor de natureza co de bombeiro forestal no Plan de Defensa contra Incendios forestais de Galicia. Autor do libro Plantas medicinais de Galiza, con M. Castro, V. Gómez e C. Silvar (2008).

Colaborou asimesmo co Colectivo Espeleolóxico Maúxo noutras publicacións de carácter local centradas no Val Miñor e espazos próximos, tratando aspectos relacionados co medio ambiente e a tradición oral: Historia de Chandebrito (1997), O Folón e outras covas do sur de Vigo (2004) e As covas de Vincios (2005). Como técnico de campo elaborou recentemente o Mapa toponímico da parroquia de Candeán, Vigo (2014).

Namorado do Val Miñor e das serras que o circundan, é membro da Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro.

RODRÍGUEZ LEMOS, ANXO

(Baiona, 1994)

Estudante de Historia na Universidade de Santiago de Compostela e membro do IEM dende os seus 15 anos, idade á que comeza a recoller a toponimia na súa parroquia natal. Ten sido contratado polo Concello de Vigo para impartir obradoiros e realizar recollida dos nomes de lugar así como polo Concello de Gondomar nos últimos anos. Como investigador, estuda a vila de Baiona e a súa Xurisdición Real en diferentes arquivos do país

VALVERDE ALONSO, ANTONIO

(Vigo, 1934)

Licenciado en Dereito pola USC. A súa familia estivo sempre vinculada ao Val Miñor e tiña casa na Ramallosa onde pasaba os veráns.

Traballou sempre nos negocios familiares e estudou Dereito por libre. Foi un dos impulsores do primeiro cine club de Vigo que, posteriormente, baixo a dirección de Alonso Amat pasou a denominarse “Cine Club de Vigo”.

En 1972 trasládase a Madrid para traballar na empresa familiar de elaboración de vidro. Despois faino nunha fábrica de produtos plásticos e dende ela impulsa a Asociación de Transformadores de Plástico de Madrid da que foi Secretario Xeral. Baixo a súa dirección a Asociación estenderase ás dúas comunidades de Castela. En 1983 fúndase a Federación Nacional de Transformadores de Plástico e simultanea o cargo de Secretario Xeral co de director da revista Fetraplast ata a súa xubilación.

Ten a gala coñecer Galicia como a palma da man e nunca deixou de pasar no noso país o verán e as datas máis sinaladas. Na actualidade vive de a cabalo entre Madrid e Santa Cristina da Ramallosa. Gañou o VI Premio de xornalismo Nano Cambeiro pola súa serie de relatos *Cruceiro de San Campio*.

